

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 7 de outubro de 2008

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia (incorpórase no punto nº 21)
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

Invitados:

D^a María Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a Laura López Atrio
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día sete de outubro de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serrano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1521).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das sesións ordinaria do 24 de xullo, extraordinaria e urxente do 24 de xullo e extraordinaria e urxente do 29 de xullo de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1522).- CONVALIDAR O GASTO DE PRODUCCIÓN DO CONCERTO DO ARTISTA ROGER HODGSON, O DÍA 23 DE XULLO NO AUDITORIO DE CASTRELOS.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 22.09.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 11.08.08, conformado polo concelleiro-delegado de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Convalidar a actuación e gasto realizado sen fiscalización previa que figura na seguinte factura:

Factura nº 109/08 a favor da empresa PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL, S.L.,
C.I.F. B-36.743.755 polo importe de 19.401,13 euros (dezanove mil catrocentos e un

euros con trece céntimos) en concepto da produción do concerto do artista Roger Hodgson.

2º.- Recoñecer e dispoñer o gasto a favor de Producción e Xestión Cultural S.L. (CIF B-36.743.755) con cargo á bolsa de vinculación da partida 4512.226.0805 por importe de 19.401,13 euros.

3º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación de Animación Sociocultural número 2080.0000.77.0040277241.

3(1523).- SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/1352, 21/2164, 21/1885, 21/2100, 23/2122, 23/1096, 14/1703, 12/1920, 14/1254, 12/1957, 3/2044, 14/1270, 3/2062, 14/1992, 1/90.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora Social Responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- a) M. Carmen González Menduiña. Expte. 3/2062
- b) M. Carmen Fervenza Pazo. Expte. 14/1992
- c) Jose A. Casas Fernández. Expte. 2/1352
- d) Nieves Leiras Seoane. Expte. 21/2164
- e) Laura Nieto Núñez. Expte. 21/1885
- f) Venancia Miranda González. Expte. 21/2100
- g) Miguel Moreno Cal. Expte. 23/2122
- h) Agripina Rodríguez Prado. Expte. 23/2096
- i) Josefa Sánchez Rodríguez. Expte. 14/1703
- j) Isabel Seijo Castillo. Expte. 12/920
- k) Natalia Novelle López. Expte. 14/1254
- l) Esperanza Nogueira Vega. Expte. 12/1957
- m) M. Carmen Cobas Afonso. Expte. 3/2044
- n) Consuelo Fernández Rodríguez. Expte. 14/1270
- o) Álvaro Carreira Iglesia. Expte. 1/90

4(1524).- FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS PARA O FESTIVAL DE MÚSICA DE VIGO AREA MORE 2008. EXPTE. 11196/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Programación, do 26.09.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

O concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, resolveu con data 26 de setembro de 2008 que polo departamento de Cultura se inicie o expediente necesario para a fixación dos prezos de venda de entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Música de Vigo Are More 2008 (do que se inclúe copia no expediente), de acordo cos seguintes criterios:

- *Concerto de Diego el Cigala, que se celebrará o día 30 de outubro ás 20,30 horas no Teatro Salesianos: 20 €.*
- *Os concertos para público escolar terán un prezo de 1 € por alumno/a, e para público familiar de 3 € os adultos e 2 € para nenos até 12 anos.*
- *Os concertos para bebés terán un prezo de 2 € por neno até 5 anos ou embarazada, con dereito a levar dous acompañantes adultos.*

- Os concertos que se realicen no Real Club Náutico de Vigo, no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música e na Igrexa María Auxiliadora, serán gratuítos, de acceso libre até completar o seu aforamento.

No primeiro caso, o concerto de Diego el Cigala celebrarase o día 30 de outubro ás 20,30 horas no Teatro Salesianos. Este recinto dispón de 601 localidades entre patio de butacas e palco. De acordo coa ordenanza reguladora pola prestación do servizo de organización de espectáculos, considéranse aos concertos que se programan neste recinto como de 1ª, o que supón un mínimo de 6,01 por entrada.

O prezo que se propón é de 20 € en función do custe do concerto e tendo en conta os prezos de edicións anteriores do festival.

No resto dos casos o concelleiro formula a proposta de prezos simbólicos polas características dos seus destinatarios e tamén en función dos prezos que se viñan fixando en anos anteriores para os mesmos casos.

Ao tratarse pois de un só concerto con custe determinado e para o resto funcións gratuítas ou con prezos simbólicos, para esta edición non se propón ningún tipo de abono ou desconto.

Á vista do exposto, coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural faise á Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA.-

Que se autoricen os prezos de venda ao público das entradas para os concertos incluídos no programa do Festival de Música de Vigo Are More 2008, de acordo co seguinte detalla:

CONCERTO	DATA	PREZO
Diego el Cigala	30/10/08	20 €
La Cenicienta	04/11/08 e 05/11/08	1 € por alumno funcións escolares 3 € por adulto funcións familiares 2 € por neno/a até 12 anos funcións familiares
Concertos para bebés	07/12/08 e 08/12/08	2 € por neno até 5 anos ou embarazada con dereito a levar dous acompañantes

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(1525).- SOLICITUDE DA SOCIEDADE CULTURAL DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS DE AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO XXIV CARREIRA POPULAR DA AMIZADE. EXPTE. 8014/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 25.09.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Dona. Concepción Martínez Rodríguez, presidenta da Sociedade Cultural Deportiva e Recreativa Helios, a organizar o vindeiro 12 de outubro de 2008, a “XXIV CARREIRA POPULAR DA AMIZADE”, con saída ás 10.00 horas dende o Centro Cultural Helios e percorrendo a Carretera de Bembrive, a subida á Capilla, San Cibrán, rúa dos Chans, Camiño da Regada, Xestoso, Xestoso de arriba, Carretera da Universidade, Cruce de Vigomemorial, Viñagrande, Mouteira, Montecalvario, Carretera de Bembrive e rematando na rúa da Igrexa arredor das 14.30 horas.

6(1526).- SOLICITUDE DA DELEGACIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A II CARREIRA CORRER E ANDAR, VIGO + 11 O VINDEIRO 19.10.08. EXPTE. 8017/33.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.09.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Delegación da Federación Galega de Atletismo en Vigo, a organizar o vindeiro 19 de outubro de 2008, a II CARREIRA CORRER E ANDAR , VIGO + 11, con saída as 10.00 horas desde a rúa Pablo Iglesias, pasando polas rúas, Olímpicos, Alcalde Portanet, Fragoso, Plaza de América, Camelias, Venezuela, Gran Via, Urzáiz, República Argentina, García Barbón , Puerta de Sol , Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Plaza de América, Avda. Da Florida, Pablo Iglesias, finalizando no estadio de atletismo de Balaidos, ás 12.30 horas.

7(1527).- SOLICITUDE DAS AXUDA PARA REALIZAR O “PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL E DA ACCESIBILIDADE DO AREAL DE CARRIL (ALCABRE-VIGO)” Á CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA. EXPTE. 5738/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 29.09.08, conformado pola concelleira delegada, que di o seguinte:

1. *Con data 11 de abril de 2008 se publica no Diario Oficial de Galicia núm. 70 a orde do 24 de marzo de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos do litoral para o acondicionamento e mellora das zonas de baño onde se practique asiduamente o baño, e se procede á súa convocatoria para o ano 2008.*
2. *Con data 9 de maio de 2008 iníciáanse os trámites para a solicitude á Consellería de Innovación e Industria das axudas para o “Proxecto de mellora ambiental e da accesibilidade do areal de Carril (Alcabre-Vigo)”, que se tramita no servizo de Medio Ambiente baixo o número de expediente 5171/306 e fora aprobado na Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2007.*
3. *Con data 22 de xullo de 2008 recíbese requirimento de documentación da Consellería de Innovación e Industria, no que solicitan, entre outros, a certificación do secretario da entidade sobre o acordo de solicitar a subvención.*

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Solicitar ao abeiro da orde do 24 de marzo de 2008 a concesión dunha axuda para realizar o “Proxecto de mellora ambiental e da accesibilidade do areal de Carril (Alcabre-Vigo)”, que se tramita no servizo de Medio Ambiente baixo o número de expediente 5171/306 e fora aprobado na Xunta de Goberno Local de data 19 de novembro de 2007, dando cumprimento así ao requirimento de documentación solicitado pola Consellería de Innovación e Industria.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(1528).- PROPOSTA DE INICIACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN “PROXECTO DE MELLORA AMBIENTAL DO RÍO LAGARES (TRAMO AVDA. DE MADRID-ESTRADA DO AEROPORTO): RECUPERACIÓN DE MARXES, ELIMINACIÓN DE VERQUIDOS E ADECUACIÓN PARA O USO PÚBLICO. EXPTE. 5336/306.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, conformado pola concelleira de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, que di o seguinte:

Vista solicitude presentada pola empresa INGEBAIRES SL adxudicataria do Proxecto de mellora ambiental do río Lagares (Tramo Avda de Madrid- Estrada do Aeroporto) Expte 5336/306, segundo acordo da Xunta de Goberno de data 28 de decembro de 2007 e acordo de rectificación de data 31 de marzo de 2008, de ampliación dos prazos de entrega dos traballos contratados polos motivos expostos na solicitude, PROPÓNSE á Xunta de Goberno Local, amplia-lo prazo de execución das obras ata o 30 de novembro de 2008, data solicitada pola empresa.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda amplia-lo prazo de execución das obras ata o 30 de novembro de 2008, data solicitada pola empresa.

9(1529).- AUTORIZACIÓN DO PRÉSTAMO TEMPORAL Á CAIXANOVA- ÁREA SOCIOCULTURAL DA OBRA “AMBERES” DE CARLOS SOBRINO BUHIGAS. EXPTE. 3195/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 29.09.08, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio Histórico e presidenta da Xunta Reitora do Museo Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar o préstamo temporal á Caixanova. Área Sociocultural; para a exposición itinerante “CARLOS SOBRINO. EXPOSICIÓN ANTOLÓXICA”, a celebrar entre o 30 de outubro e o 30 de novembro de 2008 no Centro Social Pontevedra, e desde o 11 de decembro de 2008 ao 15 de xaneiro de 2009 no Centro Social Vigo; da seguinte obra da colección de arte galega do museo municipal de Vigo “Quiñones de León”: “Amberes” de Carlos Sobrino Buhigas Nº INV. 365, conforme coas condicións habituais establecidas polo museo municipal; dando coñecemento do mesmo ao padroado do museo na primeira xuntanza que se convoque.

10(1530).- DECLARAR DESERTO O CONCURSO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DA REVISIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18381/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realicada o 1.10.08, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Non admitir a oferta presentada por Aon Gil y Carvajal, S.A. por non acreditar a solvencia técnica na forma esixida no apartado 14 da FEC, xa que os certificados de execución de contratos de revisión de Inventarios están a nome da empresa Law and Corporate, S.L., e non consta que esta empresa pertenceza ó grupo de empresas na que sociedade dominante sexa Aon Gil y Carvajal, S.A., polo que non é de aplicación o disposto no artigo 15 do TRLCAP.

2º.- Declarar deserto o concurso aberto para a contratación da revisión do Inventario Municipal de Bens e Dereitos do concello de Vigo. (Expte. 18381-240) por que a oferta presentada por Valtecnic S.A. Non cumpre co prego de prescricións técnicas de acordo co informe do xefe do servizo de Patrimonio de 08.08.2008.

11(1531).- PROPOSTA DENEGATORIA DE AUTORIZACIÓN A VIALMAR S.A. DA CESIÓN DOS DEREITOS CONCESIONAIS PARA A CONSTRUCIÓN E XESTIÓN DUN APARCAMENTO SOTERRADO NA U.A. CAMELIAS-LÓPEZ MORA. EXPTE. 18382/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Patrimonio, do 22.09.08, conformado pola xefa de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro de Patrimonio de las administracions Públicas (LPAAPP).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- RD-Lei 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Lei 2/1995 de 23 marzo, Sociedades de Responsabilidade Limitada (LSRL)
- Real Decreto 1784/1996, de 19 de xullo, Regulamento do Rexistro Mercantil.(RRM)
- D 17 xunio de 1955, Regulamento de Servicios das Corporacións Locais (RSCL).

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- A sociedade VIALMAR SA solicita, mediante escrito de data 2 de xullo de 2008, autorización municipal para a transmisión da concesión administrativa da que é titular para a construción e xestión dun aparcamento soterraneo na U.A. Camelias-López Mora, a favor da sociedade FRIGORIFICOS CONGELADORES DE PONTEAREAS SL.

SEGUNDO.- Requerida a entidade FRIGORIFICOS CONGELADORES DE PONTEAREAS SL. en data 13.08.2008 para a aportación da correspondente documentación acreditativa da concorrencia das condicións esixidas, pola normativa reguladora da contratación das AAPP, para a cesión dos contratos administrativos, presentouse por esta en data 27.08.2008 a seguinte:

- *Fotocopia das seguintes escrituras publicas:*
 - *Constitución da Sociedade de Responsabilidade Limitada, “Frigoríficos Congeladores de Ponteareas SL”, autorizada polo Notario de Ponteareas D. Lesmes Gutierrez Rodriguez-Moldes en data 11.08.1989, baixo o núm. 1556 do seu protocolo.*
 - *Elevación a público de acordos sociais da entidade “Frigoríficos Congeladores de Ponteareas SL” referente a cese e/o nombramento de administrador único e traslado do domicilio social, autorizada polo Notario de Vigo D. Julio Manuel Díaz Losada en data 02.01.2007, baixo o núm. 3 do seu protocolo.*
- *Declaración xurada de D. Juan Jesús Ibañez Carrera, en representación da entidade “Frigoríficos Congeladores de Ponteareas SL” aos efectos do art. 62 da LCSP (22.08.2008).*
- *Certificado positivo da Axencia Tributaria (25.08.2008).*
- *Certificado positivo de Tesorería General de Seguridad Social (27.08.2008).*

TERCEIRO.-O Tesoureiro municipal informa o 14.08.2008 que a entidade Vialmar SA non ten débedas polo concepto: Outras concesións, atopándose a liquidación correspondente ao ano 2008 pendente de notificación.

FUNDAMENTOS XURIDICOS

PRIMEIRO.- O Pleno municipal en sesión do 25 de xuño de 1992 acordou adjudicar á Vialmar SA a concesión administrativa de execución do proxecto, construción e explotación dun aparcamento soterraneo na U.A. Camelias-Lopez Mora, polo prazo de 50 anos e de acordo co prego de condicións técnicas, xurídicas e administrativas aprobado polo pleno o 27.02.1992 e a oferta presentada, sendo formalizada a concesión en escritura pública de data 19.06.1996 autorizada polo notario de Vigo D. Manuel Martinez Rebollido co núm 1.006 do seu protocolo.

SEGUNDO.- De acordo co disposto na Cláusula III. CESION DE DEREITOS, do prego de condicións administrativas pola que se rexe a concesión, “Os dereitos da concesión do conxunto do aparcamento e locais comerciais que poideran resultar anexos, poderan ser cedidos a terceiras persoas físicas ou xurídicas, ou comunidade de adquirentes, sempre e cando estas cesións sexan aprobadas polo Excmo. Concello. Os dereitos transmitidos o serán polo que reste do período concesional. Finalizado dito prazo, a totalidade dos dereitos transmitidos extinguiranse automaticamente, revertindo obras e instalacións ó Concello de Vigo.”

Neste senso, a LPAP no seu art. 97 recoñece ao titular dunha concesión un dereito real sobre as obras, construcións e instalacións fixas construídas para o exercicio da actividade autorizada polo título concesional, habilitando a posibilidade da cesión ou transmisión dos dereitos, mediante negocios xurídicos entre vivos ou por causa de morte ou mediante a fusión, absorción o escisión de sociedades, polo prazo de duración da concesión, a prol de persoa que conte coa previa conformidade da autoridade competente para outorgar a concesión. (art. 98).

Así mesmo, o art. 209 da LCSP, sinala que os adxudicatarios dos contratos administrativos poderan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros, cumprindo os seguintes requisitos: Autorización expresa e con carácter previo do órgano de contratación; execución do contrato nun 20% ou a súa explotación alomenos dunha quinta parte da súa duración se fose de servizo público; a capacidade e solvencia do cesionario para contratar coa administración, e non atoparse incurso en causa de prohibición de contratar; e a formalización da cesión en escritura pública.

TERCEIRO.- A cesión dos dereitos concesionais, obxecto do contrato, pola actual concesionaria a prol de Frigoríficos Congeladores de Pontearreas SL require, conseguintemente, o cumprimento das condicións subxetivas, obxetivas como procedimentais, que a normativa reguladora do patrimonio das administracións públicas e dos contratos do sector público, esixe neses casos.

De acordo co exposto, procede determinar a concorrencia ou non, no presente caso, das condicións esixidas polo ordenamento xurídico para a autorización da cesión interesada, e ao efecto fanse as seguintes consideracións a teor dos termos nos que foi outorgada a concesión administrativa e da documentación achegada pola entidade cesionaria:

- *Capacidade para contratar (art. 209.1.c LCSP): Consonte o art. 43 da LCSP, sólo poderan contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas que teñan plena capacidade de obrar (...). Capacidade que deberá acreditarse mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou acto fundacional, no que consten as normas pola que se regula a súa actividade, debidamente inscritos no Rexistro Público correspondente. (art. 61 .1 LCSP).*

No presente caso, a documentación achegada ao efecto pola cesionaria resulta insuficiente, ao tratarse dunha simple fotocopia (non cotexada co orixinal) da escritura de constitución da sociedade e sen que conste a súa inscrición no Rexistro Mercantil (art. 11 LSRL e art. 81.1b do RRM).

Así mesmo, no que atinxe á adecuación do obxecto social da cesionaria a actividade obxecto do contrato concesional, tal e como dispoñe a LCSP no art. 46 ó sinalar que as persoas xurídicas só poderan ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito da actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sean propios.; non resultaría axeitado as actividades que integran o obxecto social da cesionaria previstos no art. 2 dos estatutos da sociedade (“Importación, exportación y comercialización de pescados, mariscos y demás alimentos frescos o congelados, y sus actividades afines, conexas o derivadas “), co obxecto da concesión administrativa (“...construcción dun aparcamento soterraneo e subseguinte xestión do servizo de estacionamento público para vehículos automóbiles e anexos, no subsolo das zonas peonais previstas no ámbito da U.A. Camélias-Lopez Mora”) establecido no prego de condicións polo que se rexe.

- *Requisito do prazo mínimo de explotación do servizo público (art. 209.1.b LCSP):*

A concesión administrativa foi outorgada polo prazo de 50 anos, a partir da data de posta en servizo do aparcamento e locais anexos á mesma. (cláusula V do Prego de Condicións Administrativas).

En data 6 de marzo de 1998, extendeuse acta de recepción provisional das obras do aparcamento e locais comerciais da U.A Camelias-Lopez Mora, adquirindo firmeza trala súa aprobación pola Comisión de Goberno en sesión de 29 de xaneiro de 1999.

En función de dita data da Comisión de Goberno, non se entende cumprido na actualidade o prazo mínimo de explotación concesional previsto no art. 209.1.b LCSP na quinta parte do prazo de duración do contrato (50 anos).

- *Acreditación da capacidade de representación do actuante en nome da entidade adquirente:*

No presente caso, a documentación achegada pola interesada, en cumprimento do requerimento feito por esta administración ao efecto, de acordo co previsto no art. 32 da LRXAP e PAC, resulta insuficiente para a acreditación de xeito fidedigno de dita representación, ao tratarse dunha simple fotocopia (non cotexada co orixinal) de escritura de Elevación a público de acordos sociais da entidade “Frigoríficos Congeladores de Pontearreas SL” referente a cese e/o nombramento de administrador único e traslado do domicilio social, autorizada polo Notario de Vigo D. Julio Manuel Díaz Losada en data 02.01.2007, baixo o núm. 3 do seu protocolo, e sen constar, asimesmo, a súa inscrición rexistral.

CUARTO.- A teor do que antecede, non procede o outorgamento, polo órgano municipal competente, da preceptiva autorización para a cesión dos dereitos concesionais interesada pola actual concesionaria a prol de Frigoríficos Congeladores de Pontearreas SL.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade co apartado terceiro da Disposición Adicional Segunda da Lei 30/2007 de Contratos do Sector Público.

Por todo o anteriormente exposto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo.

UNICO.- Denegar a autorización a VIALMAR SA da cesión, a favor da sociedade FRIGORIFICOS CONGELADORES DE PONTEAREAS SL, dos dereitos concesionais da que é titular para a contrucción e xestión dun aparcamento soterraneo na U.A. Camelias-Lopez Mora.

12(1532).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo cos informes-proposta do xefe de negociado, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a PRIMUR S.A. a fianza de 4.034,25 € constituída para responder da subministración e instalación de kioscos turísticos por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2369/241.

B) Devolver a UNIÓN FENOSA COMERCIAL S.L.a fianza de 227.429,76 € constituída para responder do consumo enerxético do ano 2005 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2363/241.

13(1533).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS XUDICIAIS AOS FUNCIONARIOS D. AGUSTÍN RODRÍGUEZ CARBALLO E D. FERNANDO VIGO COBAS COMO CONSECUENCIA DO EXERCIZO LEXÍTIMO DAS SÚAS FUNCIONS. EXPTE. 18389/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.09.08, e de acordo co informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 29.07.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Acordar o aboamento dos gastos xudiciais ocasionados aos funcionarios D. Agustín Rodríguez Carballo, con DNI 35.981.050-B e nº de persoal 77170, xefe do Servizo de Vías e Obras e a D. Fernando Vigo Cobas, con DNI 34.256.636-E e nº de persoal 23343, xefe de negociado de Vías e Obras, como consecuencia do persoamento de ambos como imputados nos procedementos abreviados 2994/2006 e 4143/2007, finalizados ámbolos dous con sebreseimento.

Ditos gastos concretanse nun importe total de 5.945,80 €, dos cales corresponden a D. Agustín Rodríguez Carballo 4.447,20 e a D. Fernando Vigo Cobas 1.498,60 €, segundo facturas obrantes no expediente administrativas emitidas polos avogados D. Manuel Cisneros Rodríguez, D. Manuel Silveira Solla e do procurador D. Benito Escudero Pérez e de conformidade como informe emitido polo letrado da Asesoría Xurídica Municipal de data 18 de xullo de 2008.

Segundo.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

14(1534).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE AUTORIZACIÓN DE REDUCIÓN DE XORNADA Á FUNCIONARIA D. ANA KOWALSKI BIACHI. EXPTE. 18467/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 23.09.08, que di o seguinte:

Dª Ana Kowalski Bianchi, nº persoal 78120, asesora xurídica do CMIDM-Muller, solicita que se lle conceda unha redución de xornada de unha hora de cara á hora de entrada pola mañá, a partir do vindeiro día 1 de outubro de 2008.

En relación con dita solicitude infórmase o seguinte:

Primeiro.- O art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, establece que por razóns de garda legal, cando o funcionario teña o seu coidado directo algún menor de doce anos, terá dereito á redución da súa xornada de traballo, coa diminución das súas retribucións.

Segundo.- Dita petición é informada favorablemente pola xefa do servizo de Igualdade co conforme da concelleira-delegada da Área de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, de conformidade co previsto no acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007 sobre delegacións nos concelleiros de área.

Por isto, a funcionaria que suscribe propón ó Concelleiro-Delegado da Área de Xestión municipal a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Autoriza-la redución de xornada de Dª ANA KOWALSKI BIANCHI, nº persoal 78120, asesora xurídica do CMIDM-Muller, nunha hora ó inicio da xornada, quedando establecida a súa xornada laboral de 8,45 a 15,00 horas a partir do vindeiro día 1 de outubro do 2008, coa correspondente redución de retribu-

cións, de conformidade co previsto no art. 48.1.h) da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

Segundo.- A presente resolución notifíquese á interesada, Intervención Xeral, xefa do servizo de Igualdade, Unidade de Persoal (técnico de organización e métodos e inspector auxiliar de persoal) e dese conta á Xunta de Goberno Local”

Con data 23.09.08, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

15(1535).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE DEIXA SEN EFECTO A REDUCIÓN DE XORNADA LABORAL DA FUNCIONARIA D^a. CRISTINA GAGO ALONSO. EXPTE. 18480/220.

Dáse conta do decreto do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, do 22.09.08, que di o seguinte:

Vista a solicitude de D^a Cristina Gago Alonso, (núm. persoal 18595) auxiliar administrativa adscrita á Concellalía de Cultura, de deixar sen efecto a xornada reducida autorizada en virtude de resolución de data 15 de febreiro de 2002,

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

R E S O L V O

Deixar sen efecto a partir do día 1 de outubro de 2008, a redución de xornada solicitada por D^a Cristina Gago Alonso, núm. persoal 18595, auxiliar administrativa adscrita á Concellalía de Cultura, debendo percibir a partir do dito día 1 de outubro de 2008 as súas retribucións íntegras.

A presente resolución notifíquese á interesada, xefatura do Servizo, Intervención Xeral e Unidade de Persoal, e dese conta á Xunta de Goberno Local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

16(1536).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN QUE MODIFICA A ENCOMENDA DE FUNCIONS Á FUNCIONAIRA D^a. BEATRIZ BARBARÁ RODRIGUEZ. EXPTE. 18479/220.

Dáse conta do decreto do concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, do 24.09.08, que di o seguinte:

Con data 21 de abril ppdo. dictouse resolución considerando as necesidades organizativas que que demandaba a oficina da OMIC, recollidas no escrito da Concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo de data 21/04/2008, toda vez que se atopa vacante na OMIC unha praza de técnico de admón. Xeral, resultando imprescindible a presenza dun técnico/a para a tramitación dos expedientes na dita unidade a fin de

garantir a adecuada prestación do servizo público, recaíndo a dita encomenda na funcionaria D^a Beatriz Barbará Rodríguez.

Con data 18 de setembro actual, a concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, co conforme do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, propón a modificación do citado decreto para o mellor funcionamento da OMIC, outorgando á Sra. Barbará Rodríguez unha encomenda das funcións propias do posto de técnico de administración xeral na citada oficina co fin de tramitar os expedientes que teñan carácter urxente, de modo transitorio e sen prexuízo das tarefas do posto de traballo ao que está adscrita actualmente.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007), que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Modificar a resolución de data 21 de abril de 2008 de encomenda de sinatura de expedientes da oficina da OMIC á funcionaria D^a Beatriz Barbará Rodríguez, con nº de persoal 79.572, técnica de admón. Xeral do Concello adscrita ao Servizo de Patrimonio, nos termos solicitados pola concelleira-delegada da área de medio ambiente, sanidade e consumo que inclúen as funcións propias do posto de técnico de administración xeral nos expedientes urxentes e sen prexuízo das tarefas propias do posto de traballo ao que está adscrita.

Segundo.- A presente encomenda de funcións rematará automaticamente no momento que o posto de traballo de técnico de administración xeral da oficina da OMIC, actualmente vacante, se cubra por calqueira dos procedementos legalmente previstos.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado á interesada, concelleira-delegada da Área de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

17(1537).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE PERMISO RETRIBUÍDO Á FUNCIONARIA D^a. M^a. DOLORES CAPELO GONZÁLEZ. EXPTE. 18483/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 25.09.08, que di o seguinte:

Con data 23 de setembro de 2008, D^a M^a Dolores Capelo González, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, solicita se lle conceda un permiso para atender o coidado dun familiar de primeiro grao (mai), atendendo o previsto na Lei 13/2007, do 27 de xullo, de modificación da Lei 4/1988, do 26 de maio da función pública de Galicia, do 25 de setembro ao 03 de outubro de 2008, aportando informe médico no que se indica a necesidade de acompañante.

O art. 70.k) da Lei 13/2007, de modificación da Lei 4/1988 da función pública de Galicia, establece que nos supostos de accidente ou enfermidade moi grave do cónxuxe, parella en análoga relación de afectividade, familiares en primeiro grao, acollidos/as ou familiares conviventes, e para atender o seu coidado, o persoal funcionario terá dereito a un permiso retribuído cunha duración máxima de trinta días naturais. Cada accidente ou enfermidade xerará un único permiso, que, dentro da duración máxima de trinta días, se poderá utilizar de maneira separada ou acumulada.

Por isto, a funcionaria que subscribe, vistos os anteriores antecedentes propón ó Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a D^a. M^a Dolores Capelo González, con nº persoal 21781, administrativo de administración xeral, adscrita ó Tribunal Económico-Administrativo, un permiso retribuído de 09 días naturais, de conformidade co previsto no art. 70.k) da Lei 13/2007, para atender ao coidado da súa mai, no período comprendido entre os días 25 de setembro e 03 de outubro de 2008”

Con data 25.09.08 o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(1538).- APROBACIÓN DA APLICACIÓN DO MODELO XERAL DE ESTATUTOS/BASES DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DO “APR-4-06 PRAZA DE ESPAÑA”. EXPTE. 4838/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta, do 29.09.08, asinado polo adxunto ó director da Oficina de Planeamento e Xestión, o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e o Xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

A Orde de 16 de maio de 2008 (DOGA 3.06.08) da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, deu aprobación definitiva (de xeito parcial) ó Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo.

Entre as súas determinacións, contempla o ámbito de solo urbano non consolidado “APR A-4-06”, cunha ordenación detallada que foi incorporada e foi obxecto de aprobación co Plan Xeral de Ordenación Municipal. As características básicas do ámbito son as seguintes:

- Superficie delimitada 38.114 m².
- Aproveitamento tipo: 4,282 m².
- Sistema de actuación: Compensación.
- Prazo de desenvolvemento: 1º cuatrienio.

O 29.06.08 (doc número 80094946) don Juan Yarza Urquiza presentou escrito no que se comunica a citación para a concurrencia o da Administración actuante ó acto de consentimento da aplicación do modelo xeral de estatutos e bases de actuación da Xunta de Compensación, aprobado polo Consello da XMU o 11.12.03 (BOP nº1, do dous de xaneiro).

A mesmo avogado o 28.08.08 (doc 80105961) presenta novo escrito no que se comunica a formalización en escritura pública da Xunta de Compensación do ámbito.

En data 12.09.08 (doc 80112532) se presenta novo escrito solicitando o seguinte: “(...) Que habiéndose por presentado este escrito con sus documentos reseñados unidos, tenga a bien proceder a: 1. Aprobar, conforme a lo dispuesto en el Art. 156.1 de la Ley 9/2002, de 30 de Diciembre, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada por Ley 15/2004, de 29 de diciembre, la aplicación al Área de Reparto AOD A-4-06 <Praza de España> del Modelo de Estatutos y Bases aprobado con carácter general por el Consello de esta Xerencia Municipal, de Urbanismo el 11.12.2003 –BOP nº1 de 2.001.2004-. 2.-Notificar a los propietarios no incorporados Certificación del anterior acuerdo, a fin de que en el plazo de un mes a partir de la notificación de la misma, se incorporen con igualdad de derechos y obligaciones a la Junta de Compensación, si no lo hubieran hecho en un momento anterior, mediante escritura pública de adhesión ante Notario declarando la aceptación de los Estatutos y Bases con indicación de sus datos personales, dirección para notificaciones y descripción de su finca, acreditando su titularidad, todo ello dentro del expresado plazo y con los apercibimientos legales y, en especial, el que la Junta de Compensación podrá solicitar del municipio o bien la expropiación de las fincas de los no incorporados, teniendo la condición de beneficiaria la Junta de Compensación, o bien la ocupación de las mismas a favor de la Junta de Compensación a fin de posibilitar la ejecución de las obras de urbanización previstas. 3.- Disponer lo necesario a fin de que se adopte acuerdo aprobatorio de la escritura pública de Constitución de la Junta de Compensación, elevando el acuerdo junto con dicha Escritura así como las Escrituras de Adhesión de los propietarios a la Dirección Xeral de Urbanismo de la Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda de la Xunta de Galicia, para su inscripción en el Registro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras (...)”. Achégase a seguinte documentación:

- Escritura pública de 5.08.08 de consentimiento formalizada ante o Notario don José Antonio Rodríguez González, do Ilustre Colexio de Galicia (protocolo número 1.848). De acordo co previsto no artigo 155.2 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, faise constar que suman unha porcentaxe superior ó 70%.
- Escritura pública de constitución da Xunta de Compensación e de ratificación do modelo xeral de estatutos e bases do “APR A4-076 Praza de España” de data 5.09.08, formalizada ante o Notario don José Antonio Rodríguez González, do ilustre Colexio de Galicia (protocolo número 2.085). Consta na propia escritura os seguintes anexos: I: Relación de propietarios. II. Relación de fincas incluídas na área de reparto. III. Modelo xeral de estatutos y bases de actuación. IV. Plano parcelario E: 1/500.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I.- Aplicación do modelo xeral de estatutos e bases de actuación.- Resulta procedente a aplicación a este polígono do modelo xeral de estatutos e bases de actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02.01.2004) por canto consta a adhesión fehaciente ó mesmo dos propietarios que representan unha superficie superior ó 70% da total do polígono, tal e como dispón o art. 155.2 Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística de Galicia (LOUGA). Consta no expediente escritura pública de adhesión ó modelo xeral de estatutos e bases formalizada o ante o Notario don José Antonio Rodríguez González o 5.08.08 (protocolo número 1.848). Así mesmo, consta a ratificación da aplicación do modelo xeral, por escritura de 5.09.08, segundo consta nos antecedentes da presente proposta.

2- Constitución da xunta de compensación.-Procede tamén aproba-la constitución da xunta de compensación, que se efectuou en escritura pública polos propietarios que representan máis dun 50% da superficie do ámbito (escritura pública de 5.09.08, formalizada ante o Notario don José Antonio Rodríguez González, protocolo número 2.085), con cumprimento do disposto no art. 155 da Lei 9/02 e preceptos concordantes do vixente regulamento de xestión urbanística, aprobado por real decreto 3.288/78, de 25 de agosto.

3.- Necesidade de práctica da nota marxinal de iniciación do expediente de reparcelación no Rexistro da propiedade.- De acordo co previsto no artigo 5º do real decreto 1093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento hipotecario urbanístico, procede a práctica da nota marxinal de inicio do expediente dende o momento de formalización en escritura pública da constitución da xunta de compensación.

4.- Competencia para a adopción do presente acordo.-É competente para dicta-lo Acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).

Por todo elo, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO: Aplicar á xestión do polígono do "APR A-4-06" o modelo xeral de Estatutos e Bases de Actuación aprobado polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no 11.12.2003 (BOP núm. 1, do 02/01/2004).

SEGUNDO: Aproba-la constitución da Xunta de Compensación do devandito polígono, efectuada por escritura de 8.05.07 ante o Notario do ilustre. Colexio de Galicia, don José Antonio Rodríguez González (protocolo número 2.085). Así mesmo, requirir dos órganos rectores da Xunta de Compensación para que procedan á práctica da nota marxinal descrita no artigo 5º do rd 1093/97, de 4 de xullo. No presente acto a comprobación das titularidades, representación e superficies da parcelas que forman parte do A-4-06, unicamente teñen por efecto a constatación da porcentaxe mínima para a aplicación do modelo de estatutos e para a constitución da Xunta de Compensación. Naquel caso que existan bens de titularidade do Concello, no presente acto se consideran incorporados á entidade urbanística colaboradora.

TERCEIRO: Nomear como representante municipal nesa Xunta de compensación ó delegado de urbanismo e vivenda don José Manuel Mariño Mendoza.

CUARTO: Instar da Xunta de Galicia a inscrición da Xunta de compensación no Rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.

QUINTO: Notifíqueselle o contido íntegro deste Acordo á Xunta de Compensación e a tódolos propietarios e titulares de dereitos reais no polígono, coa advertencia de que contra o mesmo cabe interpor, alternativamente, recurso de reposición nesta Administración municipal no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses.

SESTO.- Con respecto ós propietarios non incorporados, de acordo co establecido no artigo 156 da Lei 9/02, de 30 de decembro, requíreselles para que no prazo dun mes a partir da notificación do presente acordo, se incorporen á Xunta de Compensación en igualdade de dereitos e obrigacións. Transcorrido o devandito prazo a incorporación só será posible se non atranca o desenvolvemento do proceso e o aproba a Xunta de Compensación. Tense que advertir que no caso de que non se adhiran á Xunta de Compensación, a mesma poderá solicitar da Administración municipal a expropiación de ditos predios a favor da citada entidade urbanística colaboradora.

SÉTIMO.- Remitir a presente resolución ós Servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, para que se proceda á determinación da incidencia da execución da "A-4-06" nas infraestructuras.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1539).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE REPARCELACIÓN DO "APR 4-09 CALVARIO 6-ANTIGO POLÍGONO II-PERI CALVARIO". EXPTE. 4624/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe asinado polo director adxunto da Oficina de Planeamento e Xestión, do 29.09.08, o técnico de Admón. Xeral e a xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

O Plan Especial de Reforma Interior IV-04 do Calvario foi aprobado definitivamente con data 9 de marzo de 1979 e incorporado na súa práctica totalidade ó Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, contén a ordenación detallada do seu ámbito e a delimitación poligonal do mesmo.

Por acordo plenario de 12.09.05 adoptouse a seguinte resolución: "(...) Aprobar definitivamente á modificación do PERI do Calvario, delimitación do seu polígono 11 e do sistema de actuación para a súa execución, redactada elaborada polos arquitectos D. Salvador Fraga Rivas, D. Francisco Javier García-Quijada Romero e D. Manuel Portolés Sanjuán, con visado do COAG do 17 de Novembro de 2004 (...). En dito acordo se prevé como sistema de actuación urbanística o de cooperación, polo que para establecer una equitativa distribución dos beneficios e cargas derivados do planeamento entre os propietarios afectados pola actuación urbanística proxectada, procedía legalmente incoar expediente de reparcelación, tal e como se establece nos artigos 134 e seguintes da Lei 9/02, de 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e vixentes do rd 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística.

A Xunta de Goberno local deu aprobación definitiva do convenio de xestión do polígono 11 do Peri do Calvario (Expte. 4492/401). O mesmo está asinado con data 25.11.05.

A entidade "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." presenta proposta de proxecto de equidistribución.

Por resolución do vicepresidente da XMU de data 17.10.05, acordouse o seguinte: "(...) 1.- Entender por iniciado o expediente de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-4 "O Calvario" coa aprobación definitiva da modificación do ámbito e delimitación de novo polígono e cambio de sistema de actuación, adoptada na sesión plenaria de 12 de setembro de 2005. 2.- De acordo co establecido no artigo 103 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, requirir ós propietarios para que exhiban ante a Administración os títulos da finca ou fincas da súa propiedade, comprendido dentro dos límites referidos. Así mesmo, ínstate ós mesmos para que declaren no prazo de quince días as situacións xurídicas que coñezcan e afecten a ditas fincas. Se lles advirte expresamente que a omisión, error ou falsidade destas declaracións non poderá afectar o resultado obxectivo da reparcelación, e si se apreciase dolo ou negligencia graves, poderá esixirse a responsabilidade civil ou penal que corresponda. Logo da documentación recabada polos interesados, instarase ó número 2 do Rexistro da propiedade certificacións das titularidades e cargas das fincas afectadas. Así mesmo solicitarase que de cada finca se extenda nota expresiva do organismo actuante e data da iniciación do expediente de reparcelación. A indicada nota marxinal só producirá o efecto prevenido no artigo 102, número 3, do citado regulamento. 3.- Notificar o presente acordo ós interesados (...)"

Notificado o trámite de audiencia algúns propietarios presentaron documentación acreditativa de cantas circunstancias afectan os seus predios.

Logo de ser requerido á entidade colaboradora, presenta proxecto rectificativo de reparcelación o 5.12.05.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 26.12.05 se adoptou o seguinte acordo: "(...) 1.- Aprobar inicialmente o proxecto de reparcelación presentado pola entidade <Espacio Vital, Construcción y Promoción, S.L.> <e asumido expresamente polas mercantís <<Promociones Vitalvigo, S.L.>> e <<Promociones Tresríos, S.L.>>, condicionando o cumprimento do contido dos antecedentes e o informado polos técnicos municipais. 2.- Someter o proxecto de reparcelación a un trámite de información pública e audiencia ós interesados por un prazo de 20 días, publicando o acordo que se adopte no Boletín oficial da Provincia de Pontevedra (...)"

Durante o trámite de información pública e de audiencia ós interesados, se presentaron as seguintes alegacións (según consta na certificación asinada polo Secretario da XMU de data 29.03.06): Dona Victoria García Herivello (doc. 60023561); Don Vicente Ramil Estévez (doc. 60023468); Don Luis Sancha Calvo (doc. 60023465); Don Raúl Vilariño Orge (doc. 60024161); Dona Juana Ferreira García (doc. 60024669); Dona Jose González Rodríguez (doc. 60025332); Asociación de Veciños do Calvario (doc. 60025589); Dona María Jesús García Conde (doc. 60025681); Don Segundo Carrera Otero (doc. 60025677); Don Eduardo Leclere Domínguez (doc. 60025747); Don José Fernández Rodríguez (doc. 60027520); Don Domingo Fernández Ribeiro (doc. 60032564), Don Ramiro Paredes Molanes, Dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso, Don Jose Manuel Alfaya Durán, Dona María Jesús López Graña, Don Eduardo Rios Amigo, Dona María Concepción Lareo Fernández, Dona Laurentina Sánchez Villar e Dona Rosa Gregores Martínez (doc. 600966427).

O 10.11.06 os técnicos municipais da oficina de planeamento e xestión, informaron as alegacións. O mencionado informe foi remitido ós propietarios e interesados, ó abeiro do disposto no artigo 109.2 do real decreto

1.093/97, de 4 de xullo, polo que se aproba o regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de Actos de Natureza Urbanística.

Durante o trámite de audiencia outorgado, se presentaron escritos as seguintes persoas: Dona Ana e don Miguel Fernández Fernández (data 20.11.06, doc 601212775); Don Ramiro Paredes Molanes, Dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso, Don Jose Manuel Alfaya Durán, Dona María Jesús López Graña, Don Eduardo Rios Amigo, Dona Laurentina Sánchez Villar e Dona María Concepción Lareo Fernández (data 15.12.06, doc 60131763); Don Segundo Carrerra Otero (data 18.12.06, doc 60133884); Don José Fernández Rodríguez (data 21.12.06, doc 60134843); Don Vicente Ramil Estévez (data 26.12.06, doc 60135968); Don Luis Sancha Calvo (data 26.12.06, doc 60135973); Don José González Rodríguez (data 20.12.06, doc 60134072), Don Eduardo Leclere Domínguez (data 28.12.06, doc 60137172); Dona María Jesús García Conde (data 28.12.06, doc 60137675). Así mesmo o 12.11.07 tivo entrada no Rexistro da XMU novo escrito remitido por parte de don José Rodríguez Fernández e dona María Jesús, Dona Nieves e dona Marina Fernández Lago (data 12.11.07, doc 70126146).

A seguir reproducése o cadro de correspondencias de fincas de orixe e de resultado, tra-lo análise das alegacións e das modificacións instadas no instrumento parcelatorio:

CORRESPONDENCIA FINCAS DE ORIXE - FINCAS DE RESULTADO (%)						
Pág .	FINCA DE ORIXE	CUOTA PARTICIPACIÓN BRUTA/NETA %		PARCELA DE RESULTADO	APROVEITAMENTO EDIFICABLE	CUOTA DE PARTICIPACIÓN EN PARCELA DE RESULTADO %
10 59	1	2'99	2'70	S-10	478'60	25'36
14	2-BIS	-	-	-	-	-
15 58	04	1'76	1'58	S-9	281'79	52'86
16 56	06	1'95	1'75	S-8	312'24	53'68
10 55	07	3'60	3'24	S-7	576'93	53'80
18 54	08	2'22	2'00	S-6	356'18	53'93
19	10-BIS	-	-	-	-	-
20 54 56 57 58 59	11	11'70	10'54	S-6 S-7 S-8 S-9 S-10	304'23 495'35 269'38 251'28 554'38	46'07 46'20 46'32 47'14 29'38
21 61	12	1'95	1'75	S-12	312'24	100'00
22 24 59 60	13-BIS 14	3'82 3'01	3'44 2'71	S-10 S-11	854'26 240'00	45'27 100'00
25	15-BIS	-	-	-	-	-
26 47 49	16	25'62	23'06	S-1 S-2 S-5	998'86 117'02 2.987'80	17'34 12'38 100'00

50 53						
28 48	19	3'50	3'16	S-1	561'88	9'76
29 48	20	3'53	3'18	S-1	566'44	9'90 9'83
30	21	-	-	-	-	-
31 52	25	3'81	3'43	S-4	610'87	65'99
32 50	26	1'65	1'49	S-2	265'05	28'05
33 50	27	1'72	1'46	S-2	260'65	27'59
34 48	28	2'67	2'41	S-1	427'93	7'43
36 51	29	3'01	2'71	S-3	482'09	60'39
37 62	31	3'49	3'14	S-13	559'60	48'37
38 48	32	4'93	4'45	S-1	791'37	13'90
39 62	34	3'73	3'36	S-13	597'51	54'89
40 48	35	1'76	1'59	S-1	282'18	4'90
41 48	36	1'77	1'60	S-1	283'81	4'93
43 50	37	1'88	1'70	S-2	302'18	31'98
45 51	38	1'97	1'78	S-3	316'18	39'61
46 52	39	1'96	1'77	S-4	314'78	34'01
48	10% APROV. MPAL.	-	10'00	S-1	1.779'20	30'89

Por otra parte, prevea a indemnización dos seguintes arrendamentos:

ARRENDAMENTOS SUSCEPTIBLES DE SER INDEMNIZADOS		
PARCELA, UBICACIÓN	LOCALIZACIÓN	INDEMNIZACIÓN
7, San Roque 100	Sótano izqa.	6.089,50 €
	Sótano dcha.	6.089,50 €
	Bajo izqa. (*)	5.862,32 €
	Bajo dcha. (*)	6.850,54 €
	Primero izqa. (*)	6.053,84 €

	Primero dcha. (*) (**)	6.835,67 €
	Segundo dcha (*)	6.053,84 €
	Segundo izqa.	4.352,84 €.
34, Gregorio Espino, 20	Bajo	22.417,42 €.
	Primero izqa.	28.885,04 €
	Segundo dcha (*)	51.501,83 €
	Tercero dcha.	51.501,83 €.
38, Gregorio Espino 28	Primero	29.822,36 €
	Segundo	47.999,24 €.
	Tercero	29.822,48 €
39, Gregorio Espino 30	Bajo	47.763,31 €
	Cuarto	16.952,84 €.

(*) O aboamento da indemnización está condicionada á acreditación de modo fehaciente o arrendamento e a data na que o mesmo está a producir efectos.

(**) O aboamento da indemnización está condicionado á acreditación da subrogación no contrato de arrendamento.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERCIÓNS XURÍDICAS

1.- Sistema de execución previsto para a execución do planeamento no polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario.- De acordo co establecido no acordo plenario de 12.09.05, o sistema previsto para a execución do planeamento do presente polígono, é o de cooperación. De acordo co previsto no artigo 134 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os propietarios no sistema de cooperación achegan o solo de cesión obligatoria e a administración executa as obras de urbanización con cargo a elas. Na execución do planeamento polo antedito sistema, deberá observar asemade o disposto nos artigos 186 e seguintes do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística, naquelo no que non contradiga o disposto polo lexislación autonómica.

2.- Proposta de equidistribución presentada.- Tendo en conta o contido do artigo 137.1 da Lei 9/02, os propietarios que representen o 25% da superficie total do polígono poderán ofrece-la colaboración ó municipio. O contido do propio convenio de xestión suscrito entre a entidade “Espacio Vital, Promoción y Construcción, S.L” e o Concello, dedúcese a condición de entidade colaboradora, sobre todo tra-la presentación do escrito de data 20.10.05 no que se comunica que a proposta presentada é refrendada por unha porcentaxe superior de propietarios maior ó previsto no artigo 137. Polo tanto, trátase da tramitación dun instrumento reparcelatorio presentado a iniciativa dos propios propietarios do polígono.

3.- Necesidade da entrada en vigor do Plan Xeral de Ordenación Municipal para proceder a continuación coa tramitación do expediente reparcelatorio.- De acordo co previsto na disposición transitoria primeira da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a edificabilidade quedou reducida a 1,5 m²/m² prevista no punto segundo-letra a do artigo 46 do mencionado texto legal. Por outra parte, a Orde de 16 de maio, da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e transportes (DOGA número 106, de 3 de xuño) pola que se aproba definitivamente (de xeito parcial) o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, prevé unha edificabilidade que coincide coa que figuraba na modificación puntual do PERI do Calvario para o polígono 11. En concreto, o ámbito delimitado coincide co APR 4 09 “Calvario 6” e no punto 8º da ficha establécese o seguinte: “(...) A ordenación deste ámbito remítese ao documento de modificación do polígono nº 11, con aprobación definitiva do 20 de Outubro de 2005, integramente asumido polo Plan Xeral (...)”. Consecuentemente, non existe problema na continuación da tramitación do expediente reparcelatorio.

4.- Análise de cuestións xerais aludidas nos escritos de alegacións:

- *Sobre a existencia dun dereito de retorno ou realoxo.- A disposición adicional cuarta (regra 2ª) do real decreto lexislativo 1/92, de 26 de xuño, polo que se aprobaba o texto refundido da lei do solo e ordenación urbana, mencionaba a existencia do dereito de realoxo e retorno. No seu apartado 2º, contiña unha referencia a tal dereito no caso de actuacións urbanísticas de carácter sistemático. Esta regra foi declarada inconstitucional pola Sentencia do Tribunal Constitucional 61/97 e, en opinión da meirande parte da Doctrina, precisaba dun recoñecemento autónomo para ser efectivo e esixible. En efecto, ésta foi a conclusión que resultou dos primeiros pronunciamentos xurisprudenciais, no que se precisa que require unha plasmación concreta na normativa de rango legal da Comunidade Autónoma (STX País Vasco 20.02.04). O 26.05.07 o Boletín Oficial do Estado publicou a Lei 8/2007, de 28 de maio, de solo. A mesma e o Texto refundido da Lei do solo aprobado por real decreto lexislativo 1/2008, de 20 de xuño, no seu artigo 16º establece como obriga dos promotores dunha actuación de urbanización a seguinte: "(...) Garantizar el realojo de los ocupantes legales que se precise desalojar de inmuebles situados dentro del área de actuación y que constituyan su residencia habitual, así como el retorno cuando tengan derecho a él, en los términos establecidos en la legislación vigente (...)". O título competencial sobre o que o Estado dicta esta norma é o artículo 149.1.1 CE e se fundamenta no dereito a que os ocupantes legais de edificacións afectadas por unha actuación de urbanización, dispongan dunha vivenda digna.*

Polo tanto, existe un cambio normativo que da cabida o realoxamento dos ocupantes legais das vivendas sitas dentro do actual A-4-09 "Calvario 6". Para elo, deberase incoar expediente tendente a determinar a aquelas persoas que teñen dereito o realoxamento. Será preciso, requirir ós interesados de tanta información sexa necesaria co gallo de que quede suficientemente acreditado a condición de ocupante legal dos inmobles incluídos do ámbito. Unicamente se terán en conta para os efectos do recoñecemento do dereito de realoxamento, a aquelas persoas que xustifiquen a súa residencia habitual como ocupante legal, no momento de aprobación definitiva da Modificación puntual do PERI do Calvario para o polígono 11 (STX Cataluña de 16.10.03). Data de aprobación definitiva da modificación puntual do PERI do Calvario para o polígono 11: 12.09.05.

- *Sobre os dereitos de arrendamento e o proxecto de reparcelación.-*

** Método de valoración da extinción dos dereitos de arrendamento.- Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 da Lei 6/98, de 13 de abril, do réxime do solo e valoracións (actualmente vixente, en virtude da disposición transitoria primeira do Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño), as indemnizacións a favor dos arrendatarios se fixará de acordo co previsto na Lei de expropiación forzosa de 16 de decembro 1954. O artigo 44 do antedito texto legal contén o seguinte texto legal "(...) en los casos de expropiación de fincas arrendadas, la Administración o entidad expropiante hará efectiva al arrendatario, previa fijación por el Jurado de Expropiación, la indemnización que corresponda, aplicándose para determinar su cuantía las normas de la legislación de arrendamientos (...)". Unicamente será necesario prever a indemnización cando signifique unha perda definitiva do uso e disfrute da finca arrendada. Tal extinción é derivada do feito que non se plantexa o mantemento das edificacións que se encontran ocupadas legalmente por arrendatarios e, polo tanto, precísase a fixación do importe de indemnización de acordo co previsto no artigo 119.4 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Para o caso de resolución do contrato por expropiación non existe previsión algunha na actual lexislación sobre arrendamentos. Para elo, Xurisprudencialmente (STS de 3 de abril de 1990 <RJ 1990\2848>, STS 7 de outubro de 1995 <RJ 1995\7839>, STS de 14 de novembro de 1995 <RJ 1995\9167> etc...), se ten diferenciado o suposto de extinción de arrendamento temporais e os que están sometidos o réxime de prórroga forzosa. Para este último caso, fíxose o criterio de indemnizar polo importe resultante de capitalizar a diferenza entre a renda anual de mercado e a real ou contractual ó 10%. No caso de arrendamentos posteriores ó real decreto lei 2/85, de 30 de abril (salvo pacto expreso de prórroga forzosa) a indemnización unicamente alcanzará á diferenza de rendas dunha anualidade, se ese é o período renovado por "tácita reconducción". Por outra parte, con respecto ós locais de negocio, a indemnización é calculada partindo do prezos medios de arrendamentos de locais de negocio na zona e a capitalización da diferenza de renda entre as que anualmente se estaban aboando e a que se abona por locais similares en canto a capacidade e situación, así como os gastos de traslado, fianzas dos novos contratos de arrendamento e o alta nos subministradores. Para a realización das valoracións aludidas con anterioridade, o expediente veuse completado cun informe da arquitecta municipal da oficina de planeamento e xestión de 31.10.06 no que se informa o seguinte: "(...) En relación cos prezos medios de mercado adoptados para a valoración de indemnizacións aos arrendata-*

rios de vivendas e locais comerciais do polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario, realízase o seguinte INFORME: Con respecto ás vivendas: Realizouse un estudio de mercado de alquileres na zona, tomáronse 25 mostras, extraídas de ofertas aparecidas en distintas páxinas de internet e anuncios no Faro de Vigo, no mes de setembro. No estudio tense en conta a antigüidade e características das vivendas en alquiler ofertadas, deduciéndose como prezo medio de alquiler dunha vivenda na zona e características semellantes ás vivendas actualmente arrendadas e cuxos inquilinos deben ser indemnizados, a cantidade de 390 €. Adxúntase a tabla na que se recollen as mostras tidas en conta e as características das mesmas. Con respecto aos locais de negocio: Realizouse un estudio de mercado de alquileres de locais comerciais na zona e zonas próximas, tomáronse 15 mostras, de ofertas aparecidas en diferentes páxinas de internet no mes de setembro (adxúntase tabla coas mostras tidas en conta). Conclúese que os prezos adoptados no proxecto de reparcelación son superiores ao prezo que se deduce no estudio de mercado, que se estima, tendo en conta as mostras e as características dos locais recollidos do estudio de mercado, en 6 €/m² e mes (...)"

* Efectos sobre contratos de arrendamento vencidos (uso vivenda).- Por último, de acordo co previsto nos artigos 9 e seguintes da Lei 29/1994, de 24 de novembro, de Arrendamentos urbanos, os contratos cuxa vixencia ou posibilidade de prórroga depende da vontade do arrendador e os mesmos se encontren vencidos no momento de aprobación do proxecto de reparcelación, non serán obxecto de indemnización pola extinción do arrendamento. Neste suposto, será o propietario do inmovible o que debe asumir as obrigas con su arrendatario con respecto á indemnización que lle puidera corresponder.

* Contratos susceptibles de ser valorada a súa extinción (uso vivenda).- Tendo en conta que o momento que os propietarios tiveron coñecemento efectivo do inicio da fase de xestión foi con ocasión da comunicación do inicio do expediente de reparcelación (Resolución do Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo 17.10.05), non procede a valoración dos contratos formalizados con posterioridade á devandita data.

5.- Análise individualizado de cada un dos escritos de alegacións presentados:

➤ Propietaria parcela 31: Alegación presentada por dona Victoria García Hervello (doc nº 60023561, data presentación: 6.03.06): Reclama unha maior superficie da parcela nº 31, baseándose a súa petición da descripción da finca matriz e os operacións de segregación que se realizaron con anterioridade. Entende que a parcela número 32 non debería figurar cunha superficie de 263,92 metros cuadrados, ó ser un dato que non se corresponde coas escrituras de compravenda que reflexan unicamente unha superficie de 242,90 metros cuadrados.

INFORME: Unha vez comprobadas a discrepancia aludida no escrito de alegación e a documentación obrante no expediente, tense que estimar a alegación no sentido de entender que a discrepancia da superficie aludida ven derivada dun erro na parte da finca 32 que linda coa 31. Polo tanto deberase rectificar as medicións das superficies das parcelas 31 e 32, adxudicando a diferenza mencionada á finca número 31. Da análise das escrituras de compravenda da finca número 32 (outorgada polo notario don Luis Solano Aza na que se transmite a titularidade dunha finca de 242,90 metros cuadrados por parte de don Alberto Seijo Villarino e dona Victoria Garcia a favor de don Ramón Ledo García), chégase á clara conclusión de que o camiño ó que fan referencia no seus escritos de alegacións pertence á finca número 32, dado que textualmente na escritura de compravenda se fai referencia ó seguinte: "(...) queda gravada con una servidumbre de paso de dos metros de ancho todo lo largo del lindero Oeste, de la misma, a favor del resto de la propiedad orientada al Sur, de la transmitida por esta escritura (...)". Outorgado o correspondente trámite de audiencia, a alegante non presentou novo escrito de alegacións.

PROPOSTA: Estimar a alegación no sentido do informe.

- Arrendatario parcela número 38: Alegacións presentadas por don Vicente Ramil Estévez:

* Alegación presentada o 6.03.06, documento número 60023468: Fundamenta a súa alegación nos seguintes aspectos: 1. Reclama unha previsión no proxecto de equidistribución con respecto ó dereito de retorno. 2. Así mesmo se solicita un incremento do importe da indemnización no referente a extinción do dereito de arrendamento.

mento. 3. Pon de manifesto a problemática que lle supone á súa familia de abandono da edificación onde residen e solicitan unha política activa municipal de promoción de vivenda protexida. 4. Solicita unha análise da titularidade da parcela número 19.

INFORME: 1. Con respecto o eventual dereito de retorno, hai que remitirse o informado no primeiro apartado do punto 4º do presente informe. 2. Según consta no informe técnico elaborado para o efecto e o informe aportado por "Espacio Vital Construcción e Promoción, S.L.", a valoración da extinción do arrendamento no caso de contratos suxeitos a prórroga forzosa, existe un criterio xurisprudencial que consiste na determinación do importe total da indemnización por medio da capitalización ó 10% a diferenza de renda anual de mercado e a real ou contractual. Según consta no proxecto de equidistribución a renda contractual é de 172,86 € e a de mercado ou real é de 300 €/mes. A cifra prevista de indemnización é de 15.318 € que sumados ós gastos de traslado, altas de subministro, fianzas e 5% do premio de afección, resulta un total de 18.367,76 €. Do informe técnico elaborado polo departamento municipal de planeamento e xestión, tra-lo correspondente estudio de mercado nas inmediacións para vivendas de similares características e situación resulta un prezo medio de 390 €/mes. Polo tanto procede a rectificación do proxecto de reparcelación para axustase ó informe técnico de valoración realizado polos servizos técnicos municipais. 3. En canto aos trastornos sociais que se lle ocasionan ós ocupantes legais das edificacións sitas no polígono 11 e polo tanto instan a realización de políticas públicas activas en materia de vivenda, tense que informar que dende o punto de vista legal se trataría do exercizo das competencias atribuídas ós Concellos no artigo 25.2.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local. A decisión de acometer políticas públicas de vivenda é de estricta oportunidade política, salvo no que afecte a dereitos recoñecidos por Ley o pola propia Constitución Española. 4. En relación a cuarto punto da alegación, tra-lo exame da documentación se conclúe que non se teñen elementos de xuízo suficientes como para apreciar un erro na titularidade. En efecto, consta no expediente de reparcelación que a titularidade da parcela 19 provén dunha cesión feita por don Tomás e Manuel Rodríguez Costas ó Banco Español de Crédito en escritura de data 17 de outubro de 1995 (protocolo 2.602, finca 33.639) e posteriormente alleada a "Espacio Vital Construcción e Promoción, S.L.".

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Con respecto ó reloxamento, procederase á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

*Alegación presentada o 26.12.06, documento número 60135968: A alegación presentada coincide practicamente coa presentada o 6.03.06, polo tanto, tense que remitir á anterior contestación.

- Arrendatario parcela número 38: Alegacións presentada por don Luis Sancha Calvo (doc nº 60023465, data de presentación 6.03.06 e doc 60135973, data presentación 26.12.06).- O contido das alegacións é practicamente idéntica ó doc. 60023468.

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Con respecto ó reloxamento, procederase á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

- Representante dos propietarios da parcela número 34.- Alegación presentada por Raúl Vilariño Orge (doc nº 60024161, data de presentación 7.03.06).- O contido da alegación é o de disconformidade coa valoración contida no proxecto de reparcelación dos importes previstos pola extinción de arrendamentos, por demolición, polo concepto de reposición de edificación, así como pola indemnización adxudicada en concepto do aproveitamento edificable patrimonializado excedentario. Achega informe técnico, non obstante, non consta a identificación nin a titulación do asinante.

INFORME: En primeiro lugar, é necesario poñer de manifesto de que o polígono se está a executar polo sistema de cooperación, non sendo precisa a constitución da Xunta de compensación aludida no escrito de alegacións de xeito recorrente. Por outra parte, se discute a valoración da extinción dos arrendamentos de vivendas e do local do inmovible sito no número 20 da rúa Gregorio Espino. Con respecto ós métodos de valoración utilizados para o cálculo da indemnización hai que remitirse o contido no punto 3º do presente informe. Non obstante,

debido o estudio de mercado que se incorpora ó expediente, para o mesmo caso que o resto dos contratos de arrendamentos que se extinguen, é preciso rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes ós efectos do cálculo da indemnización por capitalización pola cantidade de 390,00 €/mes. En canto á extinción do dereito de arrendamento do local de negocio, é necesario informar que non se está a valorar a extinción da actividade e se parte de que o traslado é perfectamente posible. Por outra parte, é preciso informar que non se trata da extinción dun dereito real, tal e como se alude no terceiro punto do escrito de alegación. Non se aprecia a falla de motivación do instrumento de equidistribución dado o contido do mesmo no epígrafe V "Tasación de los derechos, edificaciones y construcciones".

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando o resto do contido da alegación.

- Arrendataria parcela número 38.- Alegación presentada por dona Juana Ferreira García (doc nº 60024669, data de presentación 8.03.06).- Idéntico contido co previsto no doc. 60023465 e 60023468.

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Con respecto ó relaxamento, procederase á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

- Propietario parcela número 39.- Alegacións presentadas por don José González Rodríguez

* Alegación presentada o 9.03.06, doc nº 60025332. Dada a similitude coa alegación presentada o 26.12.06, doc nº 60134072, se analizan conxuntamente : 1. Na primeira alegación se relaciona diverso contido do proxecto de equidistribución que entende que é erróneo. 2.- Disconformidade coa valoración do coste das demolicións e de reposición. 3.- Solicita a inclusión dunha indemnización en concepto de lucro cesante, cesación temporal da actividade e perda de clientela en relación co local sito na parcela de orixe número 39. 4.- Disconformidade co concepto indemnizatorio por aproveitamento edificable patrimonializable excedente.

INFORME:

- 1.- Con respecto ós posibles erros advertidos polo alegante, tense que informar o seguinte:

En relación coa incorrecta descripción da finca de orixe a nome da "Comunidade de herdeiros de don José González Rodríguez", tense que incorporar todos os datos aportados xunto co escrito presentado o 20.12.06 no que se aportan notas simples nas que se dividen horizontalmente a edificación e consta a nome de don José González Rodríguez e dona Adelina Rodríguez Julin.

Os erros aludidos polo alegante con respecto ós cálculos relativos á vivenda do piso terceiro arrendada a don Segundo Carrera e a dona Mar Diéguez, tense que informar que se estima que existe un erro e polo tanto precisa a rectificación do proxecto de equidistribución nese sentido.

Con respecto á omisión dos cálculos relativos á vivenda do piso segundo arrendada a dona María Jesús García Conde e ós da vivenda do piso primeiro arrendada a don Javier González Seara, o proxecto de reparcelación debería contemplar a extinción de ditos arrendamentos, tendo en conta que para a vivenda do piso primeiro vence o 1 de decembro de 2007 e no caso da vivenda do piso 2º, vence o 1 de maio de 2007. Non obstante, o acordo de aprobación definitiva do proxecto de reparcelación se produce con posterioridade ó vencemento dos aludidos contratos de aluguer. Por tanto, non procede a inclusión de indemnización por extinción de arrendamento.

- 2.- Solicitan unha taxación pericial contradictoria con respecto o coste das demolicións e de reposición da edificación.- Mostra a súa disconformidade pero en ningún momento presenta folla de valoración fundada na que se basea na súa alegación. Non procede na tramitación dun expediente de reparcelación (ou por analoxía o que dispoñe a Lei de expropiación forzosa), a posibilidade de solicitar unha taxación pericial contradictoria. Todo elo sen prexuízo da posibilidade que ten o propietario de fundar a súa disconformidade nunha valoración fundada. Por outra parte, segundo o informe técnico incorporado ó expediente, debe estimarse a alegación no sentido de rectificar o coeficiente H, e polo tanto aplicarlle o 0,52 por comprobarse que a antigüidade efectiva da

edificación é de 45 anos. Pese o informado no escrito de 20.12.06, non se presentou informe ou valoración pericial contradictoria dos costes de derribo e de reposición do inmovible.

3.- Por outra parte, solíctase unha previsión dunha indemnización en concepto de lucro cesante, cesación temporal da actividade e perda da clientela en relación co local en planta baixa.- No escrito de alegacións se alude a necesidade de prever unha partida para os mencionados conceptos, non obstante, non existe ningunha proba documental -nin no propio expediente nin na alegación do interesado- que permita apreciar a necesidade ditos hipotéticos danos patrimoniais.

4.- Se manifesta a súa expresa disconformidade coa indemnización por aproveitamento edificable patrimonializado excedente, polo feito de ser definidos os dereitos dos propietarios en proporción á superficie das parcelas e pola valoración do prezo de venda do produto inmobiliario para os efectos de cálculo do valor urbanístico polo método residual.- A compensación en metálico é a única forma de garantir a proporcionalidade da atribución de aproveitamentos dos propietarios nas parcelas de resultado. Unha maior adxudicación na participación do aproveitamento lucrativo en función de si teñen patrimonializado parte, suporía un desaxuste impropio que garante a xusta distribución de beneficios e cargas. Por outra parte, se ben é certo que o artigo 116.1.a da Lei 9/02, de 30 de decembro, establece que a regra xeral de cálculo dos dereitos dos propietarios dun polígono en urbano non consolidado, é o de valor urbanístico da superficie dos seus respectivos predios, non se precisa acordo unánime para utilizar como criterio o de superficie (sobre todo porque se trata dun sistema de execución por cooperación). Elo é así dende o punto de vista de que a valoración dos terreos sin urbanización consolidada deberá calcularse por aplicación o aproveitamento resultante do correspondente ámbito de xestión no que esté incluído, do valor básico de repercusión máis específico recollido nas ponencias catastrais para o terreo concreto a valorar (artigo 28.2 Lei 6/98, de 13 de abril, de réxime do solo e valoracións -vixente en virtude da disposición transitoria terceira do Real decreto legislativo 2/2008, de solo). Así mesmo hai que ter en conta que o artigo 28.4 prevé que para o caso de perda de vixencia das ponencias catastrais (como é o caso), deberán valorarse os terreos polo método residual. Pois ben, estamos nun ámbito de reducido tamaño, cuxos valores son homoxeneos. Do informe técnico, se menciona que a valoración por repercusión do citado aproveitamento se parte dun valor en venda de 2.100 €/m², sen que exista xustificación para valorar doutro xeito en atención da situación da finca. Por outra parte, é necesario ter en conta que no proxecto de reparcelación se da cumprimento o disposto no apartado g do artigo 116.1 da Lei 9/02, por canto o aproveitamento é atribuído na mesma ubicación que a parcela de orixe. De acordo co informado polos servizos técnicos municipais non existe xustificación para incrementar o prezo, sen que por parte do propietario se aporten datos ou informes periciais que contradigan o contido do proxecto de reparcelación.

PROPOSTA: Pese a que no informe elaborado polos servizos técnicos da oficina de planeamento e xestión, propoñíase que se tivera en conta a extinción dos arrendamentos, neste momento non é posible recoñecer tal feito dado que a aprobación definitiva vai outorgarse cando os contratos xa se encontran vencidos. Correxir os erros aritméticos das indemnizacións das vivendas das plantas terceira e cuarta. Aplicar correctamente o coeficiente de antigüidade no valor de reposición. Desestimar a alegación no resto das cuestións plantexadas.

- Alegación presentada pola AVV do Calvario (doc 60025589, data de presentación 10.03.06).- Idéntico contido co previsto no doc. 60023465, 60023468 e 60024669.

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Con respecto ó reaxustamento, procederase á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

- Arrendataria parcela 30.- Alegación presentada por dona María Jesús García Conde (doc 60025681, data de presentación 10.03.06).- Trátase dunha alegación na que se na súa condición de arrendataria do segundo piso (letra d) do número 30 da rúa Gregorio Espino. Os fundamentos da alegación son idénticos ós mencionados docs. 60023465, 60023468, 60024669 e 60025589). Esta alegación é ratificada con posterioridade o 28.12.06, documento número 60137675.

PROPOSTA: O informe dos servizos técnicos da oficina de planeamento e xestión, propoñía a estimación da alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Non obstante, trátase dun contrato de arrendamento vencido ou prorrogado a vontade do arrendador. Xa que logo, non procede prever ningún tipo de indemnización (vid punto 4º do informe).

- *Arrendatario parcela 39.-Alegación presentada por don Segundo Carrera Otero (doc 60025677, data de presentación 10.03.06).- Reprodúcese a alegación presentada cos números de documento seguintes: 60023465, 60023468, 60024669, 60025589 e 60025677. A mesma é reiterada no escrito presentado o 20.12.06, documento número 60133884.*

PROPOSTA: O informe dos servizos técnicos da oficina de planeamento e xestión, propoñía a estimación da alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación. Non obstante, trátase dun contrato de arrendamento vencido ou prorrogado a vontade do arrendador. Xa que logo, non procede prever ningún tipo de indemnización (vid punto 4º do informe).

- *Arrendatario parcela 39.-Alegación presentada por don Eduardo Leclere Domínguez (doc 60025747, data de presentación 8.03.06).- Realiza unha xustificación (con aporte de informes de axentes da propiedade inmobiliaria) da pretensión de incremento do importe da indemnización por extinción do arrendamento do terceiro piso, do número 20 da rúa Gregorio Espino. Por escrito de 26.12.06 (doc 60025747) se reitera a súa disconformidade coa valoración da extinción do arrendamento.*

INFORME: En canto o modo de valoración das parcelas nos remitidos o informado no punto 3º. En canto a valoración concreta da indemnización a prever no proxecto de equidistribución, de acordo co informe técnico incorporado o expediente, se chega á conclusión de que os 300,51 €/mes é inferior ó real de mercado. En efecto, no citado estudio de mercado, se conclúe que nas inmediatezas para vivendas de similares características e situación resulta un prezo medio de 390,00 €/mes. Non se comparte que as mostras aportadas na primeira alegación se trataran de inmobles coas mesmas características que a que ten arrendada. Non existen datos nas mostras, que poida concluirse que existe unha identidade ou semellanza razoable coa vivenda cuxo arrendamento se extingue. Unicamente apórtase o dato do número de dormitorios e a súa localización, sen máis detalle sobre o estado de conservación ou demais circunstancias funcionais do inmueble.

PROPOSTA: Estimar a alegación unicamente no sentido de rectificar a renda futura prevista de 300,61 €/mes pola cantidade de 390 €/mes, desestimando expresamente o resto do contido da alegación.

- *Propietario parcela número 12.- Alegacións presentadas por don José Fernández Rodríguez:*

** Alegación presentada o 14.03.06, doc 60027520.- A alegación presentada polo titular da parcela descrita co número 12 no proxecto de equidistribución, solicita a exclusión do polígono por entender que non se trata dunha parcela coa cualificación de non consolidado.*

INFORME: Sobre a cualificación de solo urbano non consolidado, non é obxecto de análise do presente expediente. En efecto, a consideración como tal foi confirmada pola modificación puntual do Plan especial de reforma interior cuxa aprobación definitiva foi realizada por acordo plenario de 12.09.05 (expte. 7088/411). Non consta a interposición de recurso algún por parte do alegante do instrumento de desenvolvemento aludido. O obxecto dun proxecto de equidistribución é a distribución xusta de beneficios e cargas, a regularización da configuración dos predios, a situación dos aproveitamentos nas zonas aptas para a edificación de acordo co planeamento e o aproveitamento atribuíble ó Concello. Non procede polo tanto, nesta fase da execución do planeamento, a apreciación dos motivos aludidos no escrito de alegación no sentido da consideración da parcela 12 como solo urbano consolidado. Por outra parte, como establece o artigo 123.1 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural, a delimitación de polígonos deberase realizar polo plan que establezca a ordenación detallada. O procedemento de redelimitación dos polígonos previsto no punto 4º do artigo 123 non é aplicable ó caso, por canto o suposto que se plantexa é a redelimitación de polígonos den-

tro dunha mesma área de reparto. Tampouco se pode considerar que o artigo 62.2 da Lei 9/02, de 30 de decembro, sexa aplicable ó caso. Neste suposto se está mencionando a posibilidade dos plans parciais e especiais modifiquen a delimitación das áreas de reparto ou sectores previstos no Plan Xeral de ordenación municipal. A exclusión do procedemento reparcelatorio non é posible nun proxecto de equidistribución por non ser o obxecto do mesmo. A consideración como non consolidado deriva dun acto (o de aprobación da modificación puntual do PERI -extpe. 7088/411), firme e consentido polo alegante. Non procede a impugnación indirecta, tratándose dun acto de xestión urbanística, tal e como se apreciou polo Tribunal Supremo (entreoutras) na sentenza de 4 de xullo de 2000 (RX 5474, relator: Sr. Sanz Bayón): "(...) como ya tiene declarada esta Sala en sentencias de 22 noviembre 1994 <RJ 8643>, 21 de junio de 2000 <RJ 5474>, entre otras, la delimitación de una Unidad de Actuación o su modificación, para su ejecución, y las determinaciones que efectúa al efecto el Plan, carecen de elementos necesarios que permitan calificar a tal Delimitación como una verdadera norma o disposición administrativa de carácter general, sino más bien, siendo concretos y determinados sus destinatarios y su vigencia no indefinida sino referida a un concreto período de ejecución, la calificación adecuada debe ser la de acto administrativo singular, por lo que en definitiva, y al no tener la consideración de norma jurídica de carácter general, la delimitación divisional de los polígonos A y B, es llano que no cabe contra la impugnación de la misma, la vía del recurso indirecto planteado en base a los apartados 2 y 4 del art. 39 de la Ley Jurisdiccional, procediendo pues la desestimación de este motivo y de la impugnación indirecta del Plan Especial en cuanto a esa delimitación poligonal, así como de su consecuencia anulatoria de los Estatutos y Bases de actuación (...)".

PROPOSTA: Desestimar a alegación.

* Alegación presentada o 12.11.07, doc 70126146 por don José Rodríguez Fernández, dona María Jesús, dona Nieves e dona Marina Fernández Lago: Preséntase fóra de prazo nova alegación na que se poñe de manifesto o seguinte: 1.- Informa sobre a titularidade do inmovible e achega documentación na que se poñe de manifesto que a edificación sita no número 124 da rúa San Roque non está totalmente incluída no polígono que se está a executar. 2.- Póñese en cuestión a condición de solo urbano non consolidado. 3.- Entende que a delimitación actual, supoñe un perxuízo económico grave pola perda económica. 4.- Propoñe que se dea solución o seu problema, mediante a rectificación no PXOM que naquel momento estaba en tramitación.

INFORME: A alegación é presentada fóra do prazo establecido. Non obstante, dado que presenta información relevante para a mellora dos datos de instrumento de equidistribución e da propia xestión do polígono, procede a análise da mesma. En canto ós puntos alegados ó expediente: ,1.- En primeiro lugar, se toma razón da comunicación das titularidades reais da parcela e a edificación na que se ubica sen que afecte a viabilidade xurídica do expediente, toda vez que en virtude do previsto no artigo 101 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, estaba obrigado á presentación da mesma no momento no que se lle comunicou a Resolución do Vicepresidente da XMU de data 17.10.05. Os datos incorporados, deberán formar parte do instrumento reparcelatorio que se lle de aprobación. Por outra parte, efectivamente se comprobou que a delimitación do polígono aprobada pola modificación puntual do PERI do Calvario, incorpora parcialmente ó ámbito de solo urbano non consolidado a edificación sita na rúa San Roque número 124. 2.- Con respecto á calificación de solo como urbano non consolidado, se remite a contestación á alegación presentada o 12.11.07. 3.- Non se comparte que exista un detrimento patrimonial pola calificación como solo urbano non consolidado. Sen prexuízo de que no suposto prevese expresamente a conservación da edificación, os propietarios participarán en beneficios e cargas en proporción a súa aportación. O feito de que se urbanice un ámbito degradado, revaloriza as edificacións existentes no entorno e en boa lóxica, non pode apreciarse que exista unha depreciación na valoración da edificación e do aproveitamento atribuído á parcela. 4.- Por outra parte, no momento procedimental no que se encontraba o planeamento, desaconsellaba a introducción as modificacións ás que fixo mención no escrito.

PROPOSTA: 1.-Tomar razón da comunicación das titularidades. 2.- Desestimar a alegación no resto das cuestións planteadas.

- Propietario da parcela número 6: Alegación presentada por don Domingo Fernández Ribeiro (doc 60032564, data de presentación 27.03.06).- Solicita a rectificación da superficie da parcela número 6 do proxecto de reparcelación por entender que a superficie real é de 126 metros cuadrados. Así mesmo insta a redistribución dos aproveitamentos atribuídos pola participación no reparto de beneficios e cargas.

INFORME: En primeiro lugar é necesario informar que segundo o establecido no artigo 103.3 do real decreto 3.288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, no caso de discordancia entre os títulos e a realidade das fincas, prevalecerá ésta sobre aqueles no expediente de reparcelación. Segundo o informe técnico elaborado para o efecto e tra-la consulta de datos catastrais, figura unha superficie de 94 m² e o fondo medio actual da propiedade é inferior ós 15 metros, polo tanto o fondo alegado de 18 non se axusta á realidade física da parcela. Por outra parte, coa adxudicación dunha parte proindivisa do aproveitamento na parcela de resultado S-8, dase estricto cumprimento o previsto no artigo 116.1.g da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 95 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, de xestión urbanística. Dado que a parcela de resultado S-8 ten un aproveitamento asignado maior o que lle corresponde no reparto ós titulares da parcela de orixe número 6, precisa a adxudicación do exceso a outro/s propietarios. Neste caso a proposta de equidistribución plantexa a ubicación do aproveitamento subxectivo dos propietarios da parcela de orixe número 11.

PROPOSTA: Desestimar a alegación en todos os seus termos.

- *Arrendatarios parcela número 7.- Alegacións presentadas por don Ramiro Paredes Molanes, dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso, don José Manuel Alfaya Durán, dona María Jesús López Graña, don Eduardo Rios Amigo, dona María Concepción Lareo Fernández, dona Laurentina Sánchez Villar, dona Rosa Gregores Martínez*

** Alegación presentada 14.09.06, doc 60096427.-En síntese se alega o seguinte: 1.- Falta de notificación determinante de indefensión. 2.- Recoñecemento dos dereitos de realoxo e retorno. 2.- Insuficiencia das indemnizacións propostas.*

INFORME: 1.- Con respecto á demora na notificación da aprobación inicial do proxecto de reparcelación, en ningún caso é imputable ó Concello. En efecto, o 20.10.05 o Vicepresidente da Xerencia municipal de urbanismo acordou o inicio do expediente de reparcelación para os efectos previstos 101 e seguintes do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanístico. Este acordo foi notificado os titulares da finca de orixe número 7^a do proxecto de reparcelación o 7.11.05. Neste acordo, se requería os titulares dos dereitos de propiedade a presentación de tanta información sexa necesaria para redactar o proxecto de reparcelación, estando obrigados (artigo 103.1 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto) a declarar as situacións xurídicas que coñezcan ou afecten as súas fincas. En todo caso, calquera erro, omisión ou falsedade da información subministrada non pode afectar o resultado da reparcelación. Da identificación real dos titulares do dereito de arrendamento da finca número 7 se ten coñecemento tra-la apertura do trámite de información pública por escrito presentado por dona Ana e don Miguel Fernández Fernández. Polo tanto, non se aprecia ningún tipo de indefensión no expediente. Por outra parte, da modificación dun instrumento de planeamento non é obrigatoria a notificación individualizada dun trámite de audiencia a todos os titulares de dereitos do ámbito, limitando unicamente ós propietarios (artigo 86.1.a Lei 9/02, de 30 de decembro). 2.- Con respecto o alegado en relación ós dereitos de realoxamento e retorno, tense que remitir ó informado no punto 4º. 3.- Por outra parte, os alegantes manifestan a súa disconformidade coa valoración das indemnizacións previstas no proxecto de reparcelación. Sen prexuízo do informado no punto 41º, tense que concluir que tra-lo correspondente estudio de mercado realizado polos técnicos municipais da oficina de planeamento e xestión da XMU, o prezo medio de arrendamento de vivendas de similares características é de 390 €. Non obstante, non se posúen datos suficientes para realizar un análise individualizado de cada inmovible cuxo contrato de arrendamento se extingue. Por elo, novamente, en virtude do disposto no artigo 103 do real decreto 3288/78, de 25 de agosto, se requeriu ós propietarios e arrendatarios maior información. 4.- Por último non se pode admitir a alegación con respecto ós supostos vicios que contén o plan especial de reforma interior, dado que o expediente que motivou a apertura dun trámite de audiencia ten diferente obxecto.

PROPOSTA: Desestímase a alegación, salvo no que respecta á valoración da extinción do dereito de arrendamento que motivará a rectificación do proxecto de reparcelación para a súa adaptación ó informado.

** Alegación presentada o 15.12.06, doc 60131763.- Don Ramiro Paredes Molanes, dona María del Carmen Generosa Vargas Alonso, don José Manuel Alfaya Durán, dona María Jesús López Graña, don Eduardo Rios Amigo, dona María Concepción Lareo Fernández, dona Laurentina Sánchez Villar. A mesma versa so-*

bre os seguintes aspectos: 1.- Solicita novamente que se lle dea cobertura o dereito de realoxamento. 2.- Discrepa coas indemnizacións previstas pola extinción dos arrendamentos.

INFORME: 1.- Con respecto ó dereito de realoxamento dos ocupantes legais, tense que remitir ó informado no punto 4º. 2.- Por outra parte, pese o requerimento municipal efectuado con ocasión do traslado do informe dos servizos técnicos e xurídicos da oficina de planeamento, non se informa sobre as características dos inmobles que son ocupados polos arrendatarios. Unicamente se cuestiona o importe da renda previsible para os efectos do cálculo da indemnización pola extinción do arrendamento, sen que se aporten mostras ou datos que permitan aceptar a alegación.

PROPOSTA: Desestimar a alegación. Con respecto ó realoxamento, procederase á incoación de expediente tendente a determinar as persoas que teñen dereito ó mesmo.

5.- Consecuencias de aprobación do proxecto de equidistribución.- A aprobación do proxecto de reparcelación, tendo en conta o disposto no artigo 118 da Lei 9/02, supoñe entre outros efectos os seguintes: a) Transmisión ó municipio, en pleno dominio e libre de cargas, de tódolos terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación ó patrimonio municipal do solo ou a súa afectación ós usos previstos no planeamento. b) Subrogación, con plena eficacia real, das antigas polas novas parcelas, sempre que quede establecida a súa correspondencia. c) Afectación real das parcelas adxudicadas ó cumprimento das cargas e pagamento dos gastos inherentes ó sistema de actuación. Con respecto ós dereitos incompatibles co planeamento (todos os de arrendamento entre eles), prevese a súa indemnización e polo tanto extinción, todo elo de acordo co previsto no artigo 119 da Lei 9/02, de 30 de decembro.

6.-Cumprimento das previsións do convenio asinado o 25.11.05.- De acordo co previsto no convenio asinado o 25.11.05, unha parcela de resultado adxudicada a "Espacio Vital Construcción y Promoción, S.L." deberá ser gravada coa carga ou afección real de aboamento do importe necesario para a adquisición dos dereitos emprazados no exterior da delimitación do polígono, así como os custos da súa urbanización.

7.-Procedemento de aprobación do proxecto de equidistribución.- O inicio do expediente de aprobación do instrumento de equidistribución se ten por iniciado no momento de adopción do acordo de cambio de sistema e nova delimitación do polígono (acordo plenario de 12.09.05). Non obstante, de acordo co previsto no artigo 101 do rd 3288/78, o Vicepresidente da XMU, acordou incoar expediente de tramitación de instrumento reparcelatorio. Así mesmo, requeriuse a expedición de certificacións rexistradas das propiedades incluídas no ámbito e, por outra parte, a práctica de nota marxinal ó marxe de cada finca comprensiva do inicio do expediente de reparcelación. No trámite de audiencia outorgado, varios propietarios e interesados presentaron documentación que serviu para completa-lo expediente. O Concello procedeu á aprobación inicial do instrumento aludido e, acto seguido, someteuno a un trámite de información pública (a través da correspondente publicación no BOP), con notificación individualizada ós interesados. Tra-lo exame das diferentes alegacións presentadas, os servizos técnicos e xurídicos da oficina de planeamento emitiu informe que foi posto de manifesto tanto ós redactores e colaboradores como os titulares de dereitos afectados. Informadas todas as alegacións e rectificado definitivamente o proxecto reparcelatorio, procede a súa aprobación definitiva.

8.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- Tendo en conta o previsto no artigo 127.1.d da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local (redacción da Lei 57/03, de 16 de decembro), a competencia para a aprobación do presente proxecto de compensación é atribuída á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, tendo en conta o informado, PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de reparcelación do polígono 11 do PERI IV-04 do Calvario (actual APR 4 09 "Calvario 6") (expte 4624/401).

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ós titulares de dereitos de propiedade e arrendamento, informando que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición ante esta mesma Administración no prazo dun mes ou, contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. Ós titulares de dereito de arrendamento que é susceptible de ser indemnizada a súa extinción, infor-

mar que para que se proceda ó aboamento das cantidades previstas no proxecto de equidistribución, deberán achegar xustificación fehaciente da condición de arrendatario tal e como se fixo mención nos antecedentes da presente proposta.

TERCEIRO.- Comunicar a presente aprobación á oficina de patrimonio para que proceda a dar de alta os bens de dominio público que son obxecto de cesión pola aprobación do proxecto de reparcelación (espacios libres: a, c, d, e, g, j, servidumbres de uso de superficie: b, f, h, i e o porticado previsto no proxecto). Así mesmo, dar de alta como ben patrimonial integrante no Patrimonio municipal do solo o aproveitamento en proindiviso na parcela S-1 (1.779,20 m², 31,26 %).

CUARTO.- De acordo co previsto na letra e do punto primeiro do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo, inocar expediente que permita a comprobación das persoas que teñan a condición de ocupante legal ós efectos de recoñecemento do dereito de realoxamento. Para elo requírese expresamente ós ocupantes legais para que manifesten expresamente no prazo máximo de quince días a súa vontade de ser realoxados –naquel caso que non o fixeran ata este momento-, debendo xustificar a condición de ocupante legal á data de 12.09.05 (data de aprobación definitiva da modificación puntual do PERI do Calvario).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(1540).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FONTEC VIGO S.L. CONSTITUÍDA POR AS OBRAS DE CANALIZACIÓN PARA ACOMETIDA DE ABASTECIMENTO NA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 71. EXPTE. 56243/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do negociado de Vías e Obras, do 29.09.08, conformado pola concelleira delegada de Vías e Obras, que di o seguinte:

Vista a solicitude de devolución formulada por FONTEC VIGO s.l. , de data 30-07-30/05/08, en relación a fianza constituída en data 30/07/08, para responder dos danos que puideran ocasionarse por execución de obras de canalización para acometida de abastecemen na rúa Martínez Garrido nº 71, constando copia do mesmo no presente expediente.

Visto o informe do Enxeñeiro Técnico de Vías e Obras, de data 29 de setembro de 2008, donde reséñase que a zoa quedou en perfectas condicións, e polo que PROPONSE

Proceder a devolución da fianza a FONTEC VIGO.SL., constituída na data reseñada, polo importe de 47,50 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN A SRA. MAURE NOIA.

21(1541).- PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA. EXPTE. 11189/331.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 29.09.08, e de acordo co informe proposta da técnica de Xestión da Programación, do 24.09.08, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de modelo de contrato para a contratación dos espectáculos e actividades programados polo departamento de Cultura.

2º.- Facultar ao concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural a asinar todos os contratos dos espectáculos de música, teatro e danza que se inclúan na programación do departamento de Cultura.

3º.- Que o pagamento dos contratos realizados en base a este proxecto se realice a través da conta habilitada de Cultura 2091 0501 61 3110002567.

PROXECTO DE MODELO DE CONTRATO PARA A CONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA

En Vigo, ode.....de

Dunha parte D./Dna....., concelleiro/a-delegado/a da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H, con enderezo social en Vigo, Praza do Rei 1, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D./Dna....., NIF....., en calidade de (apoderado/a, administrador/a único/a...), e que actúan en nome da empresa denominada.....CIF....., e con enderezo.....da cidade de....., CP.....; no sucesivo A AXENCIA.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

Primeira.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice unha actuación do/a artista/grupo....., no sucesivo O/A ARTISTA, o día..... de..... de 2008,

ás horas, no recinto denominado, situado en, con unha duración mínima de minutos.

A AXENCIA comprométese a non realizar ningunha outra actuación do/a ARTISTA dentro dos trinta días anteriores á data indicada nun raio de 35 quilómetros do lugar no que terá lugar a que é obxecto deste contrato.

VALIDEZ

Segunda.- A validez deste contrato será efectiva desde o momento en que se atope en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO por todas as partes comparecentes.

PREZO, FORMA DE PAGO E GASTOS

Terceira.- A AXENCIA percibirá unha retribución de(CIFRA) euros, máis (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un total de(CIFRA) (EN LETRA), en concepto da realización da actuación do/a ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario para a realización do espectáculo, ademais dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e manutención.

O pagamento deste importe realizarase mediante talón nominativo a favor de....., que se entregará a....., NIF....., momentos antes do comezo da actuación, co/a ARTISTA no recinto, tras a achega da factura correspondente conforme cos requisitos que establece o Real Decreto 2402/1985, do 18 de decembro.

O prezo pactado non será obxecto de revisión nin actualización por ningunha causa ou motivo.

Cuarta.- Serán por conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia da actuación, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, publicidade e dereitos de autor.

PERMISOS

Quinta.- O CONCELLO, como organizador, responsabilízase da obtención dos permisos que sexan necesarios para a realización do espectáculo.

AFORO E ENTRADAS

Sexta.- O recinto da actuación dispón dun aforo de.....(CIFRA) espectadores (sentados ou de pé). O CONCELLO porá á venda.....(CIFRA) entradas ao prezo de.....(CIFRA) euros cada unha e será beneficiario do total da recadación; tamén reservaráinvitacións protocolarias das que entregará a AXENCIA un máximo de dez.

O CONCELLO poderá establecer as condicións de acceso do público ao concerto, que difundirá axeitadamente e que imprimirá na parte posterior da entrada ou invitación.

PROMOCIÓN E IMAXE DO/A ARTISTA

Sétima.- O CONCELLO non poderá comercializar por sí ou a través de terceiros, en ningún momento, ningunha mercadoría ou produto vinculados á actuación obxecto deste contrato que utilice a imaxe, nome ou logotipo do/a ARTISTA, sen o anterior consentimento da AXENCIA, por escrito. Asemade, O CONCELLO proverá dos medios necesarios para impedir, no espazo de actuación ou nos seus arredores, a venda de material relacionado co/a ARTISTA por persoas non autorizadas. O CONCELLO non permitirá a entrada no recinto da actuación de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera outro instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co/a ARTISTA no lugar e data do concerto, tras comunicación por escrito ao CONCELLO.

Oitava.- A AXENCIA autoriza ao CONCELLO, mediante o presente contrato, a gravación en vídeo ou reprodución fotográfica, cun tempo máximo de tres minutos, co exclusivo fin de informar aos medios de comunicación.

Para efectuar calquera outra retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo ou por calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter autorización da AXENCIA.

Novena.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar da actuación a fin de atender os seus compromisos.

PUBLICIDADE

Décima.- O CONCELLO, desde a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada á actuación contratada. A AXENCIA porá á disposición do CONCELLO os elementos publicitarios que se detallan no ANEXO.

No caso de que a AXENCIA queira situar publicidade sobre o escenario e/ou outros espazos do recinto do concerto, así como pezas publicitarias realizadas en calquera soporte, terán que contar con autorización expresa do CONCELLO. Neste apartado inclúense as mensaxes publicitarias sonoras e/ou audiovisuais.

PATROCINIOS

Décimo primeira.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral da súa programación, así como no recinto de actuación e nos seus aledaños, agás no escenario e nas estruturas de son, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do/a ARTISTA cos colaboradores do CONCELLO.

O CONCELLO resérvase ademáis o dereito de acordar o patrocinio desta actuación con calquera marca ou firma comercial, tras a comunicación á AXENCIA por escrito, cunha antelación mínima de cinco días á data do concerto.

Décimo segunda.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso O CONCE-

LLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO ESPECTÁCULO

Décimo terceira.- O CONCELLO responsabilízase da seguridade xeral do espectáculo, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento Xeral de Policía de Espectáculos e Actividades Recreativas e demais lexislación aplicable; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto e á AXENCIA ou á/ao ARTISTA.

Décimo cuarta.- O CONCELLO será responsable de impedir que se introduzan no local da actuación botellas, latas ou outros obxectos que puidesen resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do espectáculo. Se se vendesen bebidas dentro do lugar da actuación deberán ser servidas unicamente en vasos de plástico.

Décimo quinta.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, zona traseira do escenario (“backstage”) e en xeral aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do espectáculo.

Décimo sexta.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O/A ARTISTA instale no recinto da actuación, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos personais de camerino, sempre que A AXENCIA lle declare detalladamente ese material por escrito ao CONCELLO á súa chegada ao recinto de actuación, que deberá ser conformada polo persoal técnico do CONCELLO, previa a súa comprobación. En caso contrario O CONCELLO eximirase de claquera responsabilidade.

INSTALACIÓNS

Décimo sétima.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as..... horas do día da actuación até dúas horas despois do final da actuación.

Décimo oitava.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar de actuación estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, segundo as obrigas e condicións definidas que asumirá O CONCELLO.

SUSPENSIÓN DA ACTUACIÓN

Décimo novena.- Se por calquera causa grave ou de forza maior allea á AXENCIA debidamente xustificada, que impida á AXENCIA a realización do espectáculo, entendéndose como causa grave ou de forza maior, entre outras, perigo inminente, condicións climatolóxicas adversas (choiva, neve...), A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión da actuación será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dun acta de conformidade.

Vixésima.- Se desde a sinatura do presente documento, o CONCELLO decidira suspender a actuación unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

Vixésimo primeira.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do/a ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá a AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato. Por este motivo, A AXENCIA comprométese a suscribir un seguro que, en caso de incomparecencia do artista, cubra os gastos de produción.

Vixésimo segunda.- No caso de suspensión do espectáculo, e se fora posible, fixarase de común acordo coa AXENCIA, data para unha nova actuación, que deberá levarse a cabo no prazo máximo de 30 días naturais a contar desde a data da suspensión.

A nova actuación deberá levarse a cabo nas mesmas condicións que as establecidas no presente contrato, se ben, o aspecto económico do mesmo será motivo de negociación en función da data de celebración.

RESOLUCIÓN DO CONTRATO

Vixésimo terceira.- O contrato pódese resolver por calquera das partes por causa de incumprimento grave da outra parte das obrigas derivadas do mesmo. Neste suposto, a parte cumpridora estará facultada para dar por resolto o contrato, unha vez feita a notificación por escrito correspondente e pasados quince días desta notificación.

Vixésimo cuarta.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus anexos.

SUBMISIÓN

Vixésimo quinta.- As partes contratantes sométense aos tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidese corresponderlles, para resolver cantas cuestións puidesen derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado para un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D./Dna.....

D./Dna.....

ANEXO

1. INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

1.1. ESCENARIO

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN

A AXENCIA instalará para a actuación do/a ARTISTA os seus propios elementos de escenario e equipos de son e iluminación.

1.3. BACKLINE

Será por conta da AXENCIA calquera elemento de “backline” necesario para a realización do concerto.

1.4. RECINTO E INSTALACIÓNS

O CONCELLO e a AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ÁREAS RESERVADAS OU DE ACCESO RESTRINXIDO

- Camerinos
- Saída ao escenario (entre caixas)
- Pasillos entre camerinos e escenario

3. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Non se precisan

4. CAMERINOS

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA de camerinos con capacidade suficiente de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos sanitarios e ducha, luz eléctrica, auga corrente, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñibles e vixilados desde o inicio das montaxes até o final das desmontaxes. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requieran.

5. CATERING

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o seguinte catering: auga mineral, cafés e/ou infusións, frutos secos e sandwiches variados.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), curante e despois (desmontaxes) do concerto.

6. VEHÍCULOS

O CONCELLO xestionará que os vehículos que transporten o equipo do ARTISTA teñan acceso directo ao escenario ou ás portas do local da actuación; en caso contrario, O CONCELLO proveerá ao seu cargo os medios necesarios para desprazar alí os equipos.

O CONCELLO xestionará ou habilitará un espazo para circulación ou aparcadoiro de DOUS vehículos do ARTISTA e da AXENCIA que participen na realización do concerto, para o que A AXENCIA deberá facilitarlle ao CONCELLO, cunha antelación mínima de 15 días naturais respecto á data do concertos, os datos necesarios dos vehículos.

7. MERCHANDISING

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

8. PERSOAL DE PRODUCCIÓN

8.1. RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizable.

8.2. ELECTRICISTA

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizable.

8.3. MANTEMENTO

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8.4. OUTRO PERSOAL

Será a cargo do CONCELLO calquer outro persoal necesario para a organización do concerto, como por exemplo taquilleiros, porteiros, acomodadores, etc.

9. VIXILANCIA E SEGURIDADE

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, "backstage", equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará disponible desde 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá:

- Zona de camerinos e pasillos
- Acceso ao escenario e backstage
- Equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsables de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento da actuación e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante a AXENCIA e o ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

Até o momento de apertura de portas ao público, ao lugar do concerto só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 minutos antes do momento de apertura de portas ao público, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado por persoas indentificables con acreditacións visibles.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizable durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto desde o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes da apertura de portas ao público.

10. ACTUACIÓN E ENSAIO

10.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS

Durante a xornada completa do día do concerto.

10.2. ENSAIO TÉCNICO

O ARTISTA precisa realizar un ensaio técnico no lugar do concerto, que terá unha duración de DÚAS horas aproximadamente, e que se realizará o día da actuación no horario que se acorde. Durante estes ensaios técnicos non poderá haber persoas alleas á organización do concerto.

10.3. HORARIOS (ACTUACIÓN E PORTAS)

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público. A apertura de portas ao público producirase media hora antes da actuación. Nese momento entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

11. PUBLICIDADE

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto: un dossier artístico (currículo dos artistas, músicos, programa completo...), fotografías de calidade en CD, fragmentos musicais en CD para medios radiofónicos...

12. PROGRAMA

O programa a interpretar será o que figura como anexo II do presente contrato; calquera modificación deberá ser comunicada pola AXENCIA por escrito e deberá contar, no seu caso, coa conformidade da dirección artística do festival.

Ambas partes contratantes comprométese a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

POLO CONCELLO

POLA AXENCIA

D./Dna.....

D./Dna.....

22(1542).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA PROCESOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA INSTALACIÓNS TÉRMICAS EN EDIFICIOS EXISTENTES NO PARQUE CENTRAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1242/448.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 30.09.08, conformado polo xerente do Parque Central e pola concelleira Delegada, que di o seguinte:

No DOG nº 173 de setembro 2008 saíu publicada a resolución do 6 de xuño de 2008 do Instituto Enerxético de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva,

das subvencións e axudas a procesos de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables en Galicia-Instituto Enerxético de Galicia ano 2008.

Un aspecto fundamental para este Parque Central é mellorar a eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios existentes: duchas e griferías dos vestiarios, así como optimizar o rendemento das actuais placas solares.

Existe un estudio da Axencia Intermunicipal da Enerxía ao respecto ao que as axustarían os traballos.

A aportación municipal será considerada na partida orzamentaria correspondente ao exercicio 2009, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a solicitude de subvención convocada polo Inega para:

“Mellora da eficiencia enerxética das instalacións térmicas dos edificios existentes no Parque Central de Servizos polo importe de 30.783 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1543).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN AO INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA PARA PROCESOS DE AFORRO E EFICIENCIA ENERXÉTICA PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN INTERIOR DOS EDIFICIOS EXISTENTES NO PARQUE CENTRAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1244/448.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 30.09.08, conformado polo xerente do Parque Central e pola concelleira Delegada, que di o seguinte:

No DOG nº 173 de setembro 2008 saíu publicada a resolución do 6 de xuño de 2008 do Instituto Enerxético de Galicia pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a procesos de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables en Galicia-Instituto Enerxético de Galicia ano 2008.

Un aspecto fundamental para este Parque Central é a mellorar a instalación de iluminación interior dos nosos edificios.

A tal efecto existe un estudio da Axencia Intermunicipal da Enerxía ao respecto ao que as axustarían os traballos.

A aportación municipal será considerada na partida orzamentaria correspondente ao exercicio 2009, polo que se propón á Xunta de Goberno Local:

“Aprobar a solicitude de subvención convocada polo Inega para:

“Mellora das instalacións de iluminación interior dos edificios existentes no Parque Central de Servizos polo importe de 13.114 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1544).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DA ILUMINACIÓN DA ESTRADA VELLA DE MADRID. EXPTE. 26/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 30.09.08, que di o seguinte:

Antecedentes

No DOG nº 173 de setembro de 2008, saíu publicada a resolución do 6 de xuño de 2008 do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas á procesos de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables en Galicia-Instituto Enerxético de Galicia ano 2008.

Entre as principais razóns que avalan a conveniencia de tal solicitude cabe destacar as seguintes:

- Reducir o alto valor contaminante que teñen as lámpadas de mercurio fronte ás de sodio.
- Poder regular a tensión ata valores máis baixos (180 V) por medio dun reductor estabilizador de tensión.
- Acadar un maior rendemento lumínico sostido.
- Aumentar a vida tanto da luminaria como da lámpada e equipos asociados ao ter a luminaria un grao de estanqueidade no grupo óptico de IP 65 e no equipo de IP 54.
- Reducir as intervencións para efectuar o mantemento e limpeza da luminaria dacordo co indicado con anterioridade.

Ao obxecto de presentación da solicitude, é necesario que a Xunta de Goberno Local aprrobe a participación do Concello de Vigo no programa.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1º.- Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para a Mellora na Iluminación da Estrada Vella de Madrid.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1545).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A SUBSTITUCIÓN DE PUNTOS DE LUZ POR OUTORS DE MENOR CONSUMO E MAIOR EFICIENCIA ENERXÉTICA NAS INTALACIONES DE ALUMEADO PÚBLICO DE VIGO. EXPTE. 25/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 30.09.08, que di o seguinte:

Antecedentes

No DOG nº 173 de setembro de 2008, saíu publicada a resolución do 6 de xuño de 2008 do Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas á procesos de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables en Galicia-Instituto Enerxético de Galicia ano 2008.

Entre as principais razóns que avalan a conveniencia de tal solicitude cabe destacar as seguintes:

- Reducir o alto valor contaminante que teñen as lámpadas de mercurio fronte ás de sodio.
- Poder regular a tensión ata valores máis baixos (180 V) por medio dun reductor estabilizador de tensión.
- Acadar un maior rendemento lumínico sostido.
- Aumentar a vida tanto da luminaria como da lámpada e equipos asociados ao ter a luminaria un grao de estanqueidade no grupo óptico de IP 65 e no equipo de IP 54.
- Reducir as intervencións para efectuar o mantemento e limpeza da luminaria dacordo co indicado con anterioridade.

Ao obxecto de presentación da solicitude, é necesario que a Xunta de Goberno Local aprrobe a participación do Concello de Vigo no programa.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1º.- *Aprobar a participación do Concello de Vigo no programa de axudas para a substitución de puntos de luz por outros de maior eficiencia enerxética nas instalacións de alumado público de Vigo.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1546).- DAR CONTA DAS ACTUACIÓNS RELATIVAS Á EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONEXIÓN DA DEPURADORA DA NACEIRA Á REDE XERAL DE SANEAMENTO. EXPTE. 5965/306.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 3.10.08, conformado pola concelleira delegada de Medio Ambiente, que di o seguinte:

Segundo o artigo 22 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del Sector Público co fin de determinar con precisión as necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato así como a idoneidad do seu obxeto e contido para satisfacelas, emítese o seguinte informe:

FEITOS

- 1.- *O Concello de Vigo dispón dunha caneira co obxeto de dar cumprimento o servizo municipal de recollida e retención dos animais que atribúe aos Concellos a Lei do Parlamento de Galicia, 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cautividade.*
- 2.- *A prestación do devandito servizo xenera vertidos que ata agora tratábanse mediante unha depuradora biolóxica, un debaste de grosos e un decantador.*
- 3.- *No presente exercicio, a concellería de Medio Ambiente, á vista dos parámetros das analíticas realizadas periodicamente e proceder a utilizar a técnica de depuración que mellor se adapte ás condicións da zona e a cantidade e calidade dos vertidos, solicitou a Aqualia a redacción dunha Memoria Valorada na que se definan as obras necesarias para conectar os vertidos a rede xeral de saneamento.*
- 4.- *Tras conversas mantidas coa concesionaria Aqualia, acordouse a execución material da obra por personal do Concello mentres que a parte correspondente ao suministro de materiais e a Dirección da obra sería executado pola concesionaria Aqualia.*
- 5.- *Con rexistro de entrada 22 de xullo de 2008, Aqualia achega ó departamento de Medio Ambiente valoración económica correspondente ao suministro de materiais e a Dirección da obra.*

6.- Con data 25 de agosto de 2008, a concelleira de Medio Ambiente, (en virtude do artigo 127 da Lei 7/1985, Decreto de Delegación de Alcaldía de 5 de xullo de 2007 e Acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007) resolve autorizar o réxime excepcional de contrato menor de suministros para a adquisición de tuberías de pvc co fin de conectar a depuradora da caneira da Madroa á rede xeral de saneamento, do que se deu conta a Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria de 22 de setembro de 2008.

7.- Co fin de realizar a comprobación previa da titularidade dos terreos onde se pretende realizar as obras de conexión, remítese oficio Patrimonio Municipal achegando plano presentado pola concesionaria Aqualia.

8.- Con data 5 de setembro de 2008, Inventario Municipal informa que “cotexada a situación polas follas cartográficas nº 22-20-23-20 Escala 1:2000, do Epígrafe-1 de Viais públicos, figura o camiño que se reseña en plano que achega, por onde teñen prevista a colocación da tubería de saneamento pola empresa concesionaria Aqualia, de titularidade municipal con as seguintes características técnicas.

SUBIDA A MADROA R-7

Fecha: 31/12/91; Páxina nº 56; Parroquia de Candeán; código: 1070200; CD Rueiro:

06500; Denominación: SB madroa R-7; Origen : SB Madroa; Final: Gardería de Cans; Hoja Cartográfica: 22-20; Longitud: 251,00 ml; Sección: 2,00 ml; Sup Total: 502,00 m2.

Figura de alta e titularidade Municipal no Inventario Municipal Epígrafe 1- de bens e dereitos co nº do Inventario 000117 Perrera Municipal”

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de réxime local.

Lei 30/07, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

RD lexislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas

PROPOSTA

En consecuencia, de acordo coa motivación exposta no presente informe así coma as necesidades da execución da obra propoñese:

Dar conta a Xunta de Goberno Local das actuacións relativas á execución das obras de conexión da depuradora da caneira municipal á rede xeral de saneamento, por persoal municipal, con material suministrado polo Concello e baixo a dirección técnica da concesionaria Aqualia.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(1547).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN BIODIVERSIDAD PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “VIGO MEDIO NATURAL” NO PROGRAMA “EMPLEAVERDE 2007-2013”. EXPTE. 5324/77.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Promoción Económica e Emprego, do 6.10.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

- Aprobar aceptación da sinatura do convenio de colaboración coa Fundación Biodiversidad para o desenvolvemento do proxecto “Vigo Medio Natural”, no Programa “Empleaverde 2007-2013”.
- Aprobar o compromiso de financiamento polo importe total 81.424,00 €, correspondente ao 20% do total do proxecto revisado (407.120,00 €), conforme ao detalle seguinte:
 - Orzamento 2009
 - 3220 1410000 Contratacións “Fomento do Emprego” 40.600,00 €
 - 3220 2270600 Estudos e traballos técnicos 12.524,00 €
 - Orzamento 2010
 - 3200 1410000 Contratacións “Fomento do Emprego” 20.300,00 €
 - 3220 2260600 Reunións e Conferencias 8.000,00 €
- Conforme ao establecido no Informe de Intervención Municipal, nomear a Francisco J. Gutiérrez Orúe como interlocutor desta administración diante da Fundación Biodiversidad aos efectos establecidos no Convenio.

28(1548).- SEGUNDA RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS POLA SÚA ACTIVIDADE NA TEMPADA 2007-2008.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 1.10.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar as seguintes subvencións ós clubs relacionados no Anexo I, como 2ª resolución da convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade durante a tempada 2007-2008, por un total de 44.400,00€, con cargo á partida orzamentaria 4521.489.00.00. do orzamento do 2008, e rematando deste xeito o proceso de avaliación e concesión de subvencións correspondente a esta convocatoria.

2º.- Admitir de xeito excepcional e dada a peculiar situación económico-financeira da entidade, a documentación aportada pola entidade Club Baloncesto Ciudad de Vigo Basket (CIF G36962694), como proba xustificativa da ausencia de débedas coa axencia tributaria, aínda que a entidade deberá acreditar debidamente a ausencia de débedas co devendito organismo achegando o correspondente certificado positivo xunto co resto de documentación a entregar no proceso de xustificación con carácter previo ó pagamento da subvención concedida por esta administración municipal.

Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades polas seguintes causas:

Por presentar carencias na documentación aportada trascorrido o prazo de dez días naturais para o amaño da mesma:

Modalidade	Entidade	CIF
Actividades subacuáticas	Mar de Panxón	G-36989697

Ampliar o prazo para a presentación da documentación xustificativa correspondente á “convocatoria de subvencións a entidades deportivas en relación á súa actividade na tempada 2007-2008” ata o día 10 de novembro de 2008.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCÍONS ACADADAS POLAS MESMAS NA 2ª RESOLUCIÓN DA “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2007-2008”.

Modalidade	Entidade	CIF	Subvención
Atletismo	Real Club Celta de Atletismo	G-36945319	6.000,00€
Atletismo	Club Celta Femenino de Atletismo	G-36927689	9.000,00€
Baloncesto	Club Ciudad de Vigo Basket	G-36962694	15.000,00€
Balonmán	S. D. Carballal	G-36686376	10.000,00€
Fútbol sala	Mosteiro Benbrive	G-36886422	4.400,00€

29(1549).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.